

**DICIONARIO DE SECUNDARIA
E BACHARELATO CUMIO
DA LINGUA GALEGA**

Coordinador

Cándido Meixide Figueiras

Redacción

Rosa Escalante Castro

Avelino Hermida

Ramón Pais Martínez

Primeira edición: abril, 2016

Maquetación: Rosa Escalante Castro / Ramón Pais Martínez

© da edición

Edicións do Cumio, S. A.

Pol. ind. A Reigosa, parcela 19 - 36827 Ponte Caldelas, Pontevedra

Tel.: 986 761 045

cumio@cumio.gal / www.cumio.gal

© Reservados todos os dereitos

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.

Diríxanse a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se precisan fotocopiar, escanear ou facer copias dixitais dalgún fragmento desta obra.

ISBN: 978-84-8289-519-2

Impresión: Gráficas Lasa, S. L.

Depósito legal: VG 169-2016

Impreso en España

CRITERIOS LINGÜÍSTICO-LEXICOGRÁFICOS ADOPTADOS

A seguir imos sinalar algúns dos criterios utilizados nos que se pode percibir algún tipo de innovación con respecto a traballos lexicográficos precedentes.

1. DA ETIMOLOXÍA NESTA OBRA

Resulta evidente que o que o lector ten entre as súas mans é un produto de carácter lexicográfico, e non etimolóxico. No entanto, e dado que unha das críticas (construtivas, coma case sempre) que recibimos nas anteriores edicións desta obra foi, precisamente, a da carencia de información etimolóxica, a editorial optou (cun acertado criterio, consideramos) por poñerse mans ao carro no tema e satisfacer así as demandas dos usuarios, que ao cabo e á conta son a finalidade e razón última de calquera proxecto editorial.

Xa que logo, esta edición conta cun novidoso apartado etimolóxico que pensamos que pode ser de moita utilidade para todos aqueles que gozan co estudo da lingua e amosan un verdadeiro interese por ela en tanto que máxima manifestación da cultura do pobo galego. Porén, non ofrecemos, nin moito menos, un dicionario etimolóxico, e nin tan sequera un repertorio etimolóxico total e completo do léxico do noso idioma, senón unicamente o asentamento dos alicerces para un proxecto de maior envergadura que xa iniciamos e faremos público nun futuro non moi distante.

Malia todo, achamos que estamos ante un avance cualitativo no tratamento da cuestión etimolóxica dentro das obras lexicográficas do noso país, pois por primeira vez preténdense fornecer certas claves que rexen en gran medida o comportamento do que constitúe a estrutura léxica interna do idioma e que a nivel xeral resultan descoñecidas para o que poderíamos denominar como “usuario tipo”. Así, e por poñer algúns exemplos, quen bote man desta obra poderá chegar a comprender, entre outras cousas, que a voz *solidariedade* non responde á mera escolla arbitraria daqueles que asentan a “norma”, senón que segue un patrón de comportamento na creación de novas palabras polo que o sufixo *-dade* adopta a forma alomórfica *-idade* ao se unir a unha base léxica rematada en ditongo constituído pola semivogal *i* + *vogal* (con excepción de *sucidade* e *necidade*, que se explican por motivos históricos); ou que o sufixo de creación de xentilicios *-eño* só é produtivo no caso de topónimos cuxa poboación é de fala castelá; ou que as voces **lonxano* e **cercano* non se consideran espurias porque si, senón que responden a que os adverbios non admiten procedementos de sufixación (bardante de certos casos de adición de sufixos diminutivos, coma no caso de *amodiño*, por exemplo); ou que a forma *apoteótico* tampouco encerra en si unha arbitrariedade, senón que segue o patrón culto grego de formación de palabras polo que as voces gregas rematadas en *-osis* fan a derivación en *-ótico*; ou que os novos vocábulos formados co elemento de composición ou formación de palabras *’-lito* (p. ex., *aerólito*) son de acentuación esdrúxula porque se respecta a estrutura acentual que este propio elemento tiña xa en latín (coma no caso de *monolithus*, ‘feito dunha pedra soa’) etc.

Así mesmo, e como non pode ser doutro xeito nun estudo etimolóxico, ofrécese a orixe de todos aqueles vocábulos que se constitúen como entradas ou lemas cando a devandita orixe é asumida de xeito xeral en estudos anteriores de reputados etimólogos, e márcanse cunha interrogante final entre corchetes aqueles casos en que hai discrepancias entre os etimólogos ou que resultan de etimoloxía dubidosa.

En definitiva, en última instancia o que estamos a facer non é máis que intentar explicar a xustificación das opcións léxicas recolleitas no *VOLGA* (*Vocabulario ortográfico da lingua galega*), recoñecendo

ao mesmo tempo o magnífico labor dos seus autores, moi poucas veces valorado na súa xusta medida e en toda a súa magnitude e dificultade.

Polo tanto, darémosos por satisfeitos e gratificados se a información etimolóxica aquí fornecida serve para que algún dos usuarios desta obra poida chegar a profundar e entender un pouco máis o esqueleto e estruturación interna do noso idioma e parte da súa evolución histórica. Así mesmo, pedimos de antemán comprensión polos baleiros e eivas que, inevitablemente, se observen no noso traballo, e adiantamos o compromiso de que seguiremos co noso labor para tratar de melloralo, perfeccionalo e completalo.

2. ESTRANXEIRISMOS E LATINISMOS

Á hora de introducir estranxeirismos nesta obra atopámonos cun problema provocado pola ausencia, noutros traballos lexicográficos deste tipo, dun criterio unificado no que se refire á súa adaptación no noso idioma. Xa que logo, tivemos que intentar articular unha serie de regras ou pautas para lles intentar dar solución.

En *As Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega* (Edicións do Cumio. Vigo, 2003) dise, verbo da acentuación de estranxeirismos e latinismos (páx. 20-21):

“As palabras estranxeiras de circulación corrente, aínda que non estean plenamente adaptadas ao galego, seguen as regras de acentuación enunciadas anteriormente. Así:

Palabras agudas: *autobús, iglú, obús, organdí, popurri, puré, valentí, tabú, vermiú, xampú, iglús, purés, xampús; aerosol, anorak, argot, autocar, autostop, ballet, boicot, coñac, fagot, iceberg, leitmotiv, neceser, relax, voleibol.*

Palabras graves: *accésit, béisbol, cénit, idem, karaoke, líder, álbum, médium, macádam, quórum, réquiem, smóking, superávit, tándem, télex, tótem; harakiri, ioga, lapilli, mitin, pelotari, penalti, pizza, quimono, ravioli, zombi.*

Palabras esdrúxulas: *bádminton, búmerang, cárdigan, déficit, hábitat, hándicap, in-terim, magnificat, párkinson.*

As palabras rematadas graficamente en -y teñen o mesmo tratamento ca as rematadas en -i: *playboy, spray (coma convoi, samurai), hóckey, hippy, hobby, rugby, whisky.*

Neste tipo de palabras pódese prescindir do acento gráfico correspondente e manter integramente a grafía propia da lingua de que proceden cando exista conciencia clara de que son estranxeirismos.”

Así pois, tomando sempre como punto de referencia os parágrafos transcritos, o que fixemos foi adaptar este tipo de termos seguindo as seguintes pautas:

- 1) En principio, e a nivel xeral, respectamos a carga acentual da lingua de orixe. De todos os xeitos, hai algunhas excepcións, motivadas fundamentalmente polo que consideramos un alto grao de dificultade de adecuación ás características prosódicas e acentuais da nosa lingua. Así, un termo como “remake” (que en inglés sería grave: “rímejc”) adaptámolo como agudo, xa que o galego é moi pouco receptivo a palabras graves rematadas en ditongo decrecente.
- 2) Aplicamos as regras de acentuación xeral considerando o estranxeirismo en cuestión como unha palabra máis do noso idioma, o cal quere dicir que interpretamos a súa

lectura partindo da súa representación gráfica, da súa visualización, e non da súa pronuncia.

Unicamente non aplicamos este xeito de proceder naqueles termos que forman parte dalgún tipo de sistema internacional de unidades homologado. Así, unha palabra como “coulomb” (grave rematada en “b”) non a adaptamos como “coulomb”, senón que a deixamos tal cal.

- 3) Naqueles casos en que aparecen dúas vogais xuntas que foneticamente se pronuncian como unha soa, decidimos facer recaer a carga acentual (cunha única excepción que axiña comentaremos) na primeira das dúas vogais.

A excepción á que faciamos mención radica naqueles casos en que esa secuencia de dúas vogais (cando, reiteramos, se pronuncien como unha soa) se poida interpretar visualmente coma un ditongo e o primeiro elemento do mesmo sexa un “i” ou un “u”. Así, un termo coma “piercing” adaptámolo acentualmente como “piércing”, e non como “pírcing”.

- 4) Os estranxeirismos formados a partir dun proceso de composición na lingua de orixe (e que levan un guión que nos permite diferenciar as palabras base que os conforman) tratámoslos considerando cada parte léxica de xeito individualizado. Xa que logo, “hit-parade” (lido “ghítparej”) non levará acento.
- 5) Non conservamos nin o acento circunflexo nin o grave que poidan ter algunhas destas palabras na lingua de orixe. Así, un termo como “prêt-à-porter” adaptámolo como “pret-a-porter”.
- 6) Así mesmo, nos casos en que a pronuncia do termo non se corresponde coa súa grafía achegamos, entre corchetes, unha ou varias representacións gráficas que pretendemos que poidan servir de referencia (e subliñamos o seu carácter referencial, a súa falta de intención sancionadora) de como se poden pronunciar en galego. Nestas representacións, que decidimos que non fosen fonéticas para que poidan chegar con máis facilidade a un maior número de xente, incluímos algúns signos ou dígrafos dos que a seguir fornecemos a súa correspondencia para unha máis doada comprensión:

e: representa un “e” aberto

o: representa “o” aberto (en ditongo non representamos as realizacións abertas destas dúas vogais de grao medio, o cal non quere dicir que non se poidan articular dese xeito)

j: “i” en ditongo (sexa semivogal ou semiconsoante)

w: “u” en ditongo (sexa semivogal ou semiconsoante)

gh: son correspondente á gheada galega, ou moi próximo

fj: “x” na súa realización patrimonial (fricativa prepalatal xorda)

ll: son correspondente á pronuncia tradicional do dígrafo “ll” (lateral palatal sonora)

y: son correspondente á pronuncia do dígrafo “ll” co fenómeno do iéismo (isto é, a pronuncia maioritaria hoxe en día, fricativa mediopalatal sonora)

- : indica que hai unha pequena pausa ou corte na pronuncia. Cando separa dúas consoantes idénticas pretende marcar a pronuncia dupla delas.

Ademais, tamén se deben ter en conta as seguintes cuestións:

- as grafías “v” e “b” reducímolos a “b”
- non pomos “m”, senón “n”, antes de “p” e “b”
- prescindimos do “h” mudo
- prescindimos do “u” que non se pronuncia despois de “g”

Somos conscientes de que os criterios aquí aplicados son tan aceptables ou discutibles como calquera outros que, respectando o principio da coherencia interna, se poidan adoptar para o efecto, pero preferimos arriscar achegando posibles solucións antes ca permanecer no terreo da vaguidade e da indefinición.

Así mesmo, queremos facer fincapé en que algúns destes estranxeirismos poden ter un carácter transitorio, ben ortográfica, ben lexicalmente, xa que non sería de estrañar que nun futuro máis ou menos inmediato reciban un tratamento terminolóxico no que se procuren formas non espurias ao noso idioma. Pero, mentres non chega ese momento, consideramos que o máis axeitado era plasmalos na súa forma de circulación máis habitual.

3. TRATAMENTO DE TERMOS QUE FORMAN PARTE DA TAXONOMÍA CIENTÍFICA BIOLÓXICA (ANIMAIS E PLANTAS)

É bastante habitual que este tipo de termos aparezan lexicograficamente recollidos na súa forma plural (masculina ou feminina, dependendo dos casos), que é a que realmente dá conta de todos os espécimes que comparten unhas determinadas características distintivas que a ciencia toma como parámetro para realizar unha clasificación científica. Falamos, por exemplo, de casos como o dos miriápodos ou das centrospermas.

Nós, non obstante, quixemos ir un pouco máis alá e dar unha información máis completa. Así, unha entrada que noutras obras se recollería como “centrospermas” optamos por organizala do xeito que a seguir se amosa:

centrospermo -a (do el. comp. *centro-*, ‘centro’ + gr. *spérma*, ‘semente’) *f.* **1.** Exemplar das centrospermas. **2.** *f. pl.* Orde de plantas floríferas provistas de óvulos en posición central ou axial, dentro do ovario ou froito. **3.** *adx.* Propio, pertencente ou relativo a estas plantas.

Deste xeito, o que pretendemos é dar conta das seguintes posibilidades:

- Aceptación 1 (feminino): “Velaí unha **centrosperma**”.
- Aceptación 2 (feminino plural): “Estamos a facer un traballo sobre as **centrospermas**”.
- Aceptación 3 (adxectivo): “Dígame vostede algunha característica típica dos modos de reprodución **centrospermos**”.

Somos conscientes de que é moi probable que a terceira posibilidade apenas exista na norma (no sentido saussuriano), xa que o máis habitual é dicir “modos de reprodución das tiliáceas” ou adoptar construcións semellantes noutros contextos lingüísticos, pero si que forma parte do sistema (novamente concepto saussuriano), co cal pensamos que pode ser perfectamente utilizable.

4. TRATAMENTO DE ETNIAS, POBOS, TRIBOS E DINASTÍAS

Consideramos pertinente articular unha acepción para dar conta do conxunto de individuos integrantes dunha etnia, pobo etc. Obviamente, probablemente non sexa o máis correcto desde un punto de vista lexicográfico (pola mesma regra de tres, habería que recoller unha acepción plural en todos os xentilicios), pero pensamos que deste xeito poderíamos ofrecer unha definición máis didáctica e clara. Así, unha entrada como “azteca” organizámola do xeito que a seguir expomos:

azteca (do náhuatl *aztécatl*, ‘habitante de Aztlán [lugar de onde dicían provir os aztecas cando chegaron ao val de México]’) *s.* **1.** Individuo pertencente ao pobo dos aztecas. **2.** *m.* Língua deste pobo. **3.** *m. pl.* Pobo indíxena do grupo lingüístico nahua que se impuxo cultural e politicamente, ao longo do s. XIV e ata o primeiro cuarto do s. XVI, no actual territorio de México. **4.** *adx.* Propio, pertencente ou relativo a este pobo e aos seus individuos.

LISTA DE ABREVIATURAS

1. ABREVIATURAS QUE FORNECEN INFORMACIÓN REFERENTE Á CATEGORÍA (E MESMO “SUBCATEGORÍA”) GRAMATICAL

1.1 Nomes (substantivos e adxectivos)

<i>adx.</i>	adxectivo
<i>adx. e f.</i>	palabra (ou acepción) que pode funcionar como adxectivo e como substantivo feminino
<i>adx. e m.</i>	palabra (ou acepción) que pode funcionar como adxectivo e como substantivo masculino
<i>adx. e s.</i>	palabra (ou acepción) que pode funcionar como adxectivo e como substantivo (masc. e fem.)
<i>adx. f.</i>	adxectivo que só se usa en feminino
<i>adx. m.</i>	adxectivo que só se usa en masculino
<i>f.</i>	substantivo que só ten xénero feminino
<i>f. pl.</i>	substantivo que, na acepción ou acepcións que indica, só se utiliza como feminino plural
<i>m.</i>	substantivo que só ten xénero masculino
<i>m. pl.</i>	substantivo que, na acepción ou acepcións que indica, só se utiliza como masculino plural
<i>pl.</i>	palabra (normalmente substantivo) que, na acepción ou acepcións que indica, só se utiliza en plural
<i>s.</i>	substantivo que se pode usar tanto en masculino coma en feminino, ben por mecanismos morfolóxicos con variación do morfema de xénero (como por ex. avogado -a), ben por medio de determinantes (por ex., xornalista : o xornalista, a xornalista)
<i>sg.</i>	substantivo ou adxectivo que, malia se usaren basicamente en plural, teñen na acepción que se indica utilización en singular

1.2 Verbos

<i>v. i.</i>	indica acepción(s) intransitiva(s) do verbo
<i>v. i. e pr.</i>	indica que na(s) acepción(s) que sinala, o verbo pode ter utilización intransitiva e pronominal
<i>v. i. e tr.</i>	indica que na(s) acepción(s) que sinala, o verbo pode ter utilización intransitiva e transitiva

<i>v. impers.</i>	indica utilización impersonal.
<i>v. pr.</i>	indica acepción(s) pronominal/ais do verbo
<i>v. tr.</i>	indica acepción(s) transitiva(s) do verbo
<i>v. tr. e i.</i>	indica que na(s) acepción(s) que sinala, o verbo pode ter utilización transitiva e intransitiva
<i>v. tr., i. e pr.</i>	indica que na(s) acepción(s) que sinala, o verbo pode ter utilización transitiva, intransitiva e pronominal
<i>v. tr. e pr.</i>	indica que na(s) acepción(s) que sinala, o verbo pode ter utilización transitiva e pronominal

1.3 Outros

<i>adv.</i>	adverbio
<i>adv. af.</i>	adverbio de afirmación
<i>adv. c.</i>	adverbio de cantidade
<i>adv. d.</i>	adverbio de dúbida
<i>adv. l.</i>	adverbio de lugar
<i>adv. m.</i>	adverbio de modo
<i>adv. neg.</i>	adverbio de negación
<i>adv. t.</i>	adverbio de tempo
<i>art.</i>	artigo
<i>conx.</i>	conxunción
<i>conx. ad.</i>	conxunción adversativa
<i>conx. comp.</i>	conxunción comparativa
<i>conx. cond.</i>	conxunción condicional
<i>conx. cop.</i>	conxunción copulativa
<i>conx. distr.</i>	conxunción distributiva
<i>conx. ilat.</i>	conxunción ilativa
<i>excl.</i>	exclamativo
<i>indef.</i>	indefinido (cuantificador ou identificador)
<i>inter.</i>	interrogativo

<i>interx.</i>	interxección
<i>loc. adv.</i>	locución adverbial
<i>loc. conx.</i>	locución conxuntiva
<i>loc. lat.</i>	locución latina
<i>loc. prep.</i>	locución preposicional
<i>loc. s.</i>	locución substantiva
<i>loc. s. lat.</i>	locución substantiva latina
<i>num.</i>	numeral
<i>num. card.</i>	numeral cardinal
<i>num. mult.</i>	numeral multiplicativo
<i>num. ord.</i>	numeral ordinal
<i>num. part.</i>	numeral partitivo
<i>part.</i>	participio
<i>part. irreg.</i>	participio irregular
<i>pos.</i>	posesivo
<i>prep.</i>	preposición
<i>pron.</i>	pronome
<i>pron. dem.</i>	pronome demostrativo
<i>pron. indef.</i>	pronome indefinido
<i>pron. inter.</i>	pronome interrogativo
<i>pron. pers.</i>	pronome persoal
<i>pron. rel.</i>	pronome relativo
<i>rel.</i>	relativo
<i>superl.</i>	superlativo

2. ABREVIATURAS E SÍMBOLOS QUE ACHEGAN OUTRO TIPO DE INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

<i>acep.</i>	acepción
<i>a. X. C.</i>	antes de Xesucristo

<i>Ant.</i>	antónimo
<i>ant.</i>	antigo
<i>antrop.</i>	antropónimo
<i>aum. b.</i>	augmentativo baixo
<i>ca.</i>	circa (arredor a)
<i>Cf.</i>	indica que se compare ou contraste unha palabra con outra porque indica afinidade semántica distinta á sinonimia, ou ben algunha diferenza semántica, sintáctica ou de uso
<i>cient.</i>	científico
<i>clás.</i>	clásico
<i>col.</i>	coloquial
<i>const.</i>	construción
<i>deriv.</i>	derivado, derivada
<i>dim.</i>	diminutivo
<i>d. X. C.</i>	despois de Xesucristo
<i>ecl.</i>	eclesiástico
<i>el. comp.</i>	elemento de composición de palabras
<i>(f.)</i>	pónselles, entre parénteses, a algúns substantivos para indicar cal é o feminino
<i>fam.</i>	familiar
<i>fem.</i>	feminino
<i>fig.</i>	figurado
<i>fr.</i>	frase
<i>gal.</i>	galega, galego
<i>humoríst.</i>	humorístico
<i>indicat.</i>	indicativo
<i>local.</i>	localidade
<i>masc.</i>	masculino
<i>med.</i>	medieval

<i>N. com.</i>	non común
<i>nom.</i>	nominativo
<i>Nucl.</i>	nuclear
<i>OBS.</i>	observación
<i>onomat.</i>	onomatopea; onomatopeico, onomatopeica
<i>perf.</i>	perfecto
<i>pers.</i>	persoal
<i>pex.</i>	pexorativo
<i>(pl.)</i>	pónselles, entre parénteses, a algúns substantivos para indicar cal é o plural
<i>pop.</i>	popular
<i>por ex.</i>	por exemplo
<i>por ext.</i>	por extensión
<i>pref.</i>	prefixo
<i>prerrom.</i>	prerromano, prerromana
<i>pres.</i>	presente
<i>probabl.</i>	probablemente
<i>s., ss.</i>	século, séculos
<i>sgdo.</i>	significado
<i>Sin.</i>	sinónimo
<i>sing.</i>	singular
<i>suf.</i>	sufixo
<i>tard.</i>	tardío
V.	véxase (normalmente indica que a palabra da entrada é sinónima, nalgunha acepción ou en todas, da palabra á que remite, co cal aparece definida nesta última)
<i>vulg.</i>	vulgar
<i>xén., xéns.</i>	xénero, xéneros (categoría taxonómica)
<i>xenit.</i>	xenitivo

- introduce ditos, frases feitas, locucións ou refráns nos que aparece a palabra da entrada
- ◆ colócase antes das abreviaturas *Ant.*, *Cf.*, *OBS.* ou *Sin.* para indicar que a relación marcada polas ditas abreviaturas rexe para todas as acepcións anteriores a este símbolo

3. ABREVIATURAS QUE REMITEN A ÁMBITOS DE COÑECEMENTO ESPECÍFICO

<i>Agr.</i>	Agricultura	<i>Electr.</i>	Electricidade e electrónica
<i>Alim.</i>	Alimentación	<i>Espirit.</i>	Espiritismo
<i>Anat.</i>	Anatomía	<i>Filos.</i>	Filosofía
<i>Antrp.</i>	Antropoloxía	<i>Fís.</i>	Física
<i>Arq.</i>	Arqueoloxía	<i>Fisiol.</i>	Fisioloxía
<i>Arquit.</i>	Arquitectura	<i>Fonét.</i>	Fonética
<i>Art.</i>	Arte	<i>Fotog.</i>	Fotografía
<i>Art. Gráf.</i>	Artes gráficas	<i>Gram.</i>	Gramática
<i>Astron.</i>	Astronomía	<i>Herál.</i>	Heráldica
<i>Atlet.</i>	Atletismo	<i>Hist.</i>	Historia
<i>Automób.</i>	Automóbil	<i>Inform.</i>	Informática
<i>Biol.</i>	Bioloxía	<i>Ling.</i>	Lingüística
<i>Bioq.</i>	Bioquímica	<i>Lit.</i>	Literatura
<i>Bot.</i>	Botánica	<i>Mar.</i>	Marifeiría
<i>Cinem.</i>	Cinematografía	<i>Matem.</i>	Matemáticas
<i>Cir.</i>	Cirurxía	<i>Mecán.</i>	Mecánica
<i>Com.</i>	Medios de comunicación	<i>Medic.</i>	Medicina
<i>Const.</i>	Construción	<i>Meteor.</i>	Meteoroloxía
<i>Dep.</i>	Deportes	<i>Milit.</i>	Militar
<i>Der.</i>	Dereito	<i>Min.</i>	Minaría
<i>Ecol.</i>	Ecoloxía	<i>Miner.</i>	Mineraloxía
<i>Econ.</i>	Economía	<i>Mit.</i>	Mitoloxía

<i>Mit. Gal.</i>	Mitoloxía galega	<i>Rel.</i>	Relixión
<i>Mús.</i>	Música	<i>Taur.</i>	Tauromaquia
<i>Náut.</i>	Náutica	<i>Téc.</i>	Técnica
<i>Numis.</i>	Numismática	<i>Telec.</i>	Telecomunicacións
<i>Ópt.</i>	Óptica	<i>Telev.</i>	Televisión
<i>Patol.</i>	Patoloxía	<i>Topogr.</i>	Topografía
<i>Pint.</i>	Pintura	<i>Vet.</i>	Veterinaria
<i>Polít.</i>	Política	<i>Xeog.</i>	Xeografía
<i>Psic.</i>	Psicoloxía	<i>Xeol.</i>	Xeoloxía
<i>Psiqu.</i>	Psiquiatría	<i>Xeom.</i>	Xeometría
<i>Pub.</i>	Publicidade	<i>Zool.</i>	Zooloxía
<i>Quím.</i>	Química		

4. ABREVIATURAS QUE REMITEN Á LINGUA DE ORIXE DALGUNHAS VOCES

<i>al.</i>	Alemán	<i>irl.</i>	Irlandés
<i>ár.</i>	Árabe	<i>it.</i>	Italiano
<i>cat.</i>	Catalán	<i>lat.</i>	Latín
<i>esp.</i>	Español	<i>neerl.</i>	Neerlandés
<i>éusc.</i>	Éuscaro	<i>norueg.</i>	Noruegués
<i>fr.</i>	Francés	<i>occit.</i>	Occitano
<i>fránc.</i>	Fráncico	<i>port.</i>	Portugués
<i>gót.</i>	Gótico	<i>prov.</i>	Provenzal
<i>gr.</i>	Grego	<i>quech.</i>	Quechua
<i>haw.</i>	Hawaiano	<i>rom.</i>	Romanés
<i>hebr.</i>	Hebreo	<i>rus.</i>	Ruso
<i>hind.</i>	Hindi	<i>sáns.</i>	Sánscrito
<i>hol.</i>	Holandés	<i>tibet.</i>	Tibetano
<i>ibér.</i>	Ibérico	<i>xap.</i>	Xaponés
<i>ing.</i>	Inglés	<i>xerm.</i>	Xermánico

GUÍA DE USO E CONSULTA

► Entrada ou lema, presentados por orde alfabética

taberna (do lat. *taberna*, ‘choupana, cabana, casopa; barraca; tenda’) *f.* Local público onde se venden e consomen bebidas alcohólicas, de carácter modesto e popular ou de estilo rústico. *Sin.* **baiuca, tasca**¹. *Cf.* **bar**.

► As parellas de palabras que posúen -bel-/ble-, -bel/-ble e -aría/-ería agrúpanse na mesma entrada

cazaría ou **cacería** (de *caza*) *f.* **1.** Partida de caza. **2.** Conxunto de animais cazados.

críbel ou **crible** (do lat. *credibile*) *adx.* Que é digno de ser crido, verosímil.

estabelecer ou **establecer** (do lat. vulg. **stabiliscĕre*, frecuentativo de *stabilĭre*, ‘estabilizar, consolidar, afianzar, asegurar; apoiar, sustentar’) *v. tr.* **1.** Fundar, instituír, facer de novo. **2.** Ordenar, mandar. **3.** Fundar sobre probas ou argumentos sólidos. **4.** *v. pr.* Fixar a residencia nalgunha parte. **5.** Abrir un negocio por conta propia.

infantería ou **infantería** (do it. *infanteria*) *f.* Tropa que serve a pé e con armas lixeiras.

No que atinxe a estas entradas, na redacción do dicionario adoptáronse as solucións en *-ble-/ble* (*establecer, cribble*) e en *-aría* (*infantería*). Para evitar repeticións innecesarias que recargarían os *Sin.* e *Ant.*, ou algún outro tipo de relación entre vocábulos, e non lle achegarían información relevante ao usuario, acordouse incluír dentro deles só as formas con que se redactou a obra; isto, por suposto, non exclúe de ningún modo a súa parella en *-bel-/bel* e en *-ería*, que será igualmente válida con respecto á entrada correspondente.

cabalgadura (de *cabalgar*) *f.* Besta de carga ou montura. *Sin.* **cabalaría, cabalo, macho, mula, asno**.

ebanistaría ou **ebanistería** (de *ebanista*) *f.* **1.** Arte ou oficio de ebanista. *Cf.* **carpintaría**. **2.** Taller ou obradoiro do ebanista.

impertérrito -a (do lat. *imperterritu*) *adx.* Que non se altera, emociona nin asusta por nada. *Sin.* **impasible, imperturbable, inalterable, immutable**.

insoportábel ou **insoportable** (do pref. *in-*¹, que indica o contrario de ou a negación de + *soportábel* ou *soportable*) *adx.* Que non se pode aguantar ou soportar. *Sin.* **insufrible, intolerable, molesto; intragable; inaguantable; insostible**. *Ant.* **levadío; soportable**.

Aínda que non se indique nada no dicionario, recórdese que o plural das formas en *-bel* é sempre *-beis* (*amábell amábeis, partibell/partibeis, solúbell/solúbeis*).

► **En caso de grafías bifenemáticas, neoloxismos e palabras homógrafas ou case homógrafas, dáse entre corchetes a información fonética ou, noutros casos, para unha mellor comprensión, a transcripción semifonética, despois da entrada**

galaxia [ks] (do gr. *galaxías*, ‘de leite, lácteo’, polo lat. *galaxias*)
f. **1.** Conxunto de estrelas, gas e po que forma un sistema estelar. **2.** Vía Láctea.

wéltér [gwelter/beˈlter] (do ing. *welter*) *adx. e m.* En boxeo, (dise da) categoría de peso semimedio, que oscila arredor dos 65-66 kg.

presa [e] (de *preso*, part. irreg. de *prender*) f. **1.** Acción de prender ou asir. **2.** Cousa apresada ou roubada. **3.** Peza de caza. **4.** Muro que se constrúe nunha corrente fluvial para almacenar a auga e utilízala para a rega, producir enerxía eléctrica etc. *Sin. encalco, encoro, represa, vaíra.* **5.** Por ext., a auga almacenada por esa construción. *Sin. encalco, encoro, represa.* **6.** Canle que conduce a auga desde un río ao lugar a que é destinada. **7.** Obxectos que se lle collen ao inimigo vencido. *Sin. botín², prea.* **8.** Animal ou cousa que colle unha ave de rapina. *Sin. prea.* **9.** Conxunto de cousas ou cantidade de algo que se pode coller dunha vez coa man. *Sin. mada, mainzo², manchea, manda¹, manela, presada, puñado.*

présa [ɛ] (do lat. *prēssa*, de *premere*, ‘apertar; oprimir’) f.
1. Rapidez con que sucede ou se realiza algo. *Sin. apresuramento, precipitación.* **2.** Necesidade de facer algo o antes posible. *Sin. apuro.* • **Á(s) présa(s)** Sen deterse, a correr, e de forma precipitada e atropelada. **Á présa e correndo** **1.** Coa maior celeridade. **2.** Sen pensar. **Canta máis présa, máis vagar** *fr.* Dise cando algo sae mal por facelo a correr.

► **Cando é coñecida, a procedencia da entrada ou a súa etimoloxía indícanse entre parénteses antes da categoría gramatical**

Con frecuencia, a orixe da palabra aparece explicada ou desenvolvida. Deberán terse en conta, ademais, os seguintes signos: < (a palabra que vai diante del deriva da que se atopa detrás), * (a palabra que vén a continuación é hipotética; suponse que a entrada ten a súa orixe nunha voz con esa forma, que non está documentada), [?] (indica que a etimoloxía da palabra ou a súa procedencia é dubidosa), ¹ (se a entrada procede doutra que se encontra recollida no dicionario, márcase con superíndice cando é unha entrada homógrafa).

adozar (de *doce¹*) *v. tr.* **1.** Facer que algo sexa máis doce. *Sin. edulcorar.* **2.** *v. tr. e i. fig.* Suavizar, moderar, atenuar: o sufrimento, o rigor, a severidade. *Sin. temperar.* ♦ *Sin. dulcificar.*

farallón (deriv. dun lat. vulg. **fragulāre* < lat. *frangere*, ‘romper, crebar, partir; desfacer, esmigallar, esfrangullar’ [?], ou se ca dra do it. *faraglione* < lat. vulg. **faraliōne* < gr. *phalariōn*, ‘que

está branco de escuma’ [?]) *m.* Rocha alta e illada que sobresaia no mar. *Sin. con². Cf. escollo.*

farelo (do lat. vulg. **farellu* < lat. *far, farris*, ‘especie de trigo’)
m. Casca do gran esmigallada ao moelo, separada da fariña.
Sin. relón.

► **Indicación da categoría gramatical**

vacante (do lat. *vacante*, part. pres. de *vacāre*, ‘estar baldeiro, estar libre, estar desocupado; estar falto de, estar desprovisto de; estar ocioso, estar desocupado, folgar’) *adx.* **1.** Non ocupado. *Sin. libre.* **2.** *adx. e f.* (Aplícaselle ao cargo, emprego ou dignidade sen prover ou cubrir. *O posto de director está vacante. Produciuse unha vacante na Administración.*

vacinar (de *vacina* + suf. de verbalización *-ar*) *v. tr. e pr.*
1. Administrar unha vacina con fins preventivos. **2.** *v. tr.* Inocularlle á vaca ou á tenreira o virus vacún, con obxecto de o conservar.

► **Cando hai máis dunha acepción, ou se é o caso locución, frase feita etc., estas aparecen numeradas**

desprazar (do pref. *des-*, que indica separación ou afastamento + *praza* + suf. de verbalización *-ar*) *v. tr. e pr.* **1.** Mover unha persoa ou cousa do lugar no que estea. **2.** Viaxar dun lugar a outro. **3.** *Mar.* Desaloxar o buque un volume de auga igual ao da parte do seu casco somerxida. **4.** *fig.* Botar a alguén do seu posto. **5.** Superar a alguén en algo.

► **Definición de cada unha das acepcións da entrada**

deslustre (de *deslustrar*, ou se cadra do pref. *des-*, que indica o contrario de ou a inversión do sgd. de + *lustre*) *m.* **1.** Deslucimento. **2.** Acción de quitar o lustre. **3.** *fig.* Descrédito.

► **En cursiva, despois das definicións, poden aparecer exemplos para as ilustrar**

mangar (de *mango* + suf. de verbalización *-ar*) *v. tr.* **1.** Poñerlle mango a unha ferramenta. *Sin. manchar².* **2.** Pórrlle o eixe ao carro. **3.** *pop.* Pegar, darlle algún golpe a alguén. **4.** *pop.* Lacazanear, non traballar, non dar pancada. *Non fai máis ca mangala.* **5.** *pop.* Traballar. *Non a manga en todo o día.* **6.** Furtar. **7.** *pop.* Tirar, lanzar, guindar. **8.** *pop.* Enviar ou devorar algún alimento. *Mangoulle un par de tortillas nada máis chegar.* **9.** *pop.* Colgar ou pendurar algo.

► **Indícanse os sinónimos de cada acepción (Sin.), os antónimos (Ant.) e as palabras semanticamente relacionadas coas que podemos cotexar e delimitar cada acepción (Cf.).**

O símbolo ♦ indica que os *Sin.*, *Ant.* e *Cf.* que seguen rexen para todas as acepcións precedentes.

malfadado -a (de *mal*^P + *fadado*, part. de *fadar*) *adx.* e *s.* **1.** (Dise de) quen non ten boa sorte, fortuna ou fado. **2.** *adx.* Dise da cousa que está dominada pola mala sorte. **3.** Que comporta ou causa desgraza. ♦ *Sin.* *desafortunado*, *desgraciado*, *desventurado*, *infortunado*. *Ant.* *afortunado*. *Cf.* *infausto*, *infeliz*.

► **Entre parénteses, e en cursiva, ofrécense os nomes científicos das especies animais e vexetais**

vacaloura (de *vaca* + *loura*) *f.* Insecto coleóptero de cor negra e loura ou violácea (*Lucanus cervus*), con dous cornos frontais ramificados o macho e unha especie de pinza a femia. *Sin.* *cornetán*, *escornabois*.

hortensia (do antropónimo lat. *Hortensia*, por mor do antropónimo fr. *Hortense* [*Lepaute*], nome da dama francesa a quen lle dedicou esta flor o naturalista Commerson, que a importou da China) *f.* **1.** Planta arbustiva das saxifragáceas (*Hydrangea hortensia*), de follas dentadas e flores azuis ou rosadas. Orixinaria de Asia oriental, cultívase como planta ornamental. **2.** Flor desta planta.

► **Nos elementos e compostos químicos indícase, despois da categoría gramatical, o seu símbolo ou a súa fórmula**

ouro (do lat. *aurum*) *m.* (Au) **1.** Metal nobre, amarelo, moi dúctil e maleable, un dos máis pesados, que se atopa nativo na natureza en forma de filóns de ouro aluvial. Número atómico, 79; peso atómico, 196,96. **2.** Moeda ou moedas de ouro. **3.** Xoias e obxectos de ouro. **4.** *fig.* Diñeiro, riquezas. **5.** *fig.* O que ten un mérito ou valor elevado. **6.** Naípe do pau de ouros. **7.** *pl.* Un dos catro paus da baralla española. • **Ouro batido** O reducido a follas sutilísimas, que serve para dourar. **Ouro de lei** O que posúe na súa aliaxe a proporción de metal puro sinalada pola lei. **Ter corazón de ouro** Ter bos sentimentos.

propano *m.* C₃H₈. Hidrocarburo gasoso derivado do petróleo. Úsase como combustible, disolvente e refrixerante.

► **As palabras homógrafas distinguímolos por medio de números en superíndice**

trazar¹ (dun lat. vulg. *tractiāre* < lat. *tractu*, part. perf. de *tractāre*, 'arrastrar') *v. tr.* **1.** Realizar sobre unha superficie os trazos ou

liñas dun debuxo, deseño etc. **2.** Concibir un proxecto. *Sin.* *idear*. **3.** *fig.* Deseñar un obxecto que se move unha liña imaxinaria durante o seu percorrido. *Sin.* *describir*. **4.** *fig.* Contar, dicir, indicar, describir etc. algo de forma breve e centrándose nos puntos básicos ou fundamentais. **5.** *v. i.* Tomar unha decisión concreta sobre algo. *Sin.* *acordar*, *decidir*.

trazar² (de *traza*¹ + suf. de verbalización *-ar*) *v. tr.* **1.** Cortar en anacos moi miúdos, como fai a traza ou couza, en particular cos dentes. *Sin.* *roer*, *rillar*, *trillar*. **2.** Facer cortes nunha cousa ao collela entre dúas superficies que a apertan.

► **Ás veces, antes da definición, indícase o campo científico ou o rexistro de lingua ao que corresponden a palabra ou a acepción**

malformación (de *mala* + *formación*) *f. Medic.* Formación anormal dun tecido, órgano ou parte do corpo, de orixe conxénita ou hereditaria.

palmado -a (de *palma* + suf. *-ado*) *adx.* **1.** De figura de palma. **2.** *Bot.* Dise das follas que parecen unha man aberta. **3.** Dise dos dedos dos animais acuáticos ligados entre si por unha membrana.

defensa (do lat. *defensa*) *f.* **1.** Acción e efecto de defender ou defenderse. **2.** Arma, instrumento ou outra cousa que serve para isto. **3.** Amparo, protección, socorro. **4.** *Der.* Razón ou motivo que se alega nun xuízo para desvirtuar as alegacións do demandante ou do fiscal. **5.** *Der.* Avogado defensor. **6.** *Dep.* Liña de xogadores que teñen como misión protexer a propia meta dos ataques do adversario. **7.** *s.* Cada un dos xogadores que compoñen a liña de defensa. **8.** *f. pl.* Cornos de calquera animal.

manducar (do lat. *manducāre*, 'mastigar; comer') *v. tr.* e *i. fam.* Comer.

matapiollos (de *matar* + *piollos*) *m. pop.* Dedo primeiro e máis gordo das mans. *Sin. pop.* *cachapiollos*, *escachapiollos*, *gordo*, *polgar*.

picha *f. vulg.* **V. pene.**

► **Coas abreviaturas *fig.* e *por ext.*, indícase a afinidade semántica entre a acepción sinalada e a precedente, que é a da significación orixinal ou propia**

taciturno -a (do lat. *taciturnum*) *adx.* **1.** Que fala pouco, pouco falador. *Sin.* *calado*, *reservado*. *Ant.* *charlatán*, *falador*, *falangueiro*, *locuaz*. *Cf.* *silandeiro*, *silencioso*. **2.** *fig.* Que mostra tristeza ou melancolía. *Sin.* *melancólico*, *triste*, *tristeiro*.

tacón (de *taco*) *m.* **1.** Peza semicircular do calzado, unida exteriormente á parte que corresponde ao talón, para o levantar máis ou menos. *Sin.* **taco**. **2. fam.** Por ext., zapato con tacón alto.

► **Coa abreviatura *OBS.*, indícase unha observación relacionada cunha acepción da entrada**

O símbolo ♦ indica que a *OBS.* que segue rexe para todas as acepcións precedentes.

pentecoste (do gr. *pentekosté*, polo lat. *pentecoste*) *f.* **1.** Festa xudía coa que se conmemora a entrega das Táboas da Lei a Moisés, e que se celebra sete semanas despois do segundo día de Pascua. **2.** Festa cristiá coa que se conmemora o descenso do Espírito Santo sobre os apóstolos, e que se celebra cincuenta días despois da Pascua. ♦ *OBS.*: Adóitase grafar en maiúscula.

► **Coa abreviatura *FAM.*, introdúcense familias de palabras formadas sobre a mesma raíz do vocábulo que figura como entrada**

multiplicar (do lat. *multiplicāre*, ‘multiplicar, incrementar, aumentar; multiplicar aritmeticamente’) *v. tr.* **1.** Facer que algo aumente de número. *Ant.* **diminuír**. **2. Matem.** Efectuar a multiplicación dun número. *Ant.* **dividir**. **3. v. pr.** Aumentar algo de número. *Ant.* **diminuír**. **4.** Reprodúcense os seres vivos de xeración en xeración. **5. fig.** Desenvolver alguén unha actividade ou traballo extraordinarios, que en condicións normais serían desenvolvidos por varias persoas. // *FAM.* Multiplicación, multiplicador, multiplicando, multiplicativo.

► **Despois da entrada, e antes da etimoloxía ou da categoría gramatical, indícanse os plurais e femininos que teñen terminación especial ou que poden dar lugar a dúbida**

ananás (*pl. ananases*) (do guaraní *naná*, ‘o que sempre cheira’, polo port. *ananás*) *m. Bot.* **1.** Planta tropical, orixinaria de América, da familia das bromeliáceas (*Ananas sativus*), con follas lanceoladas, carnosas e ríxidas, flores en espiga de cor morada e froito carnoso, grande e en forma de piña. **2.** Froito comestible desta planta. *Sin.* **piña**.

actor (*f. actriz*; do lat. *actōre*) (do lat. *actōre*, ‘o que representa, o que fai coma quen’) *s.* **1.** Persoa que representa un dos personaxes nunha obra teatral, cinematográfica, radiofónica ou televisiva. **2. fig.** Persoa que sabe finxir ou simular.

► **A abreviatura *V.* remite a outra entrada na que aparece desenvolvida ou da que é sinónima, ben en todas as acepcións, ben nalgunhas**

aperta (de *apertar*) *f. V.* **abrazo**.

mao (*f. má*) (do lat. *malus, mala, malum*, ‘malo, ruín, cativo; malo, ruín, malvado, perverso; malo, desagradable; malo, nocivo, prexudicial; malo, desgraciado, funesto; malo, enfermo, doente’) *adx. V.* **malo**.

► **O asterisco diante dunha entrada indica que esta é incorrecta en galego; a forma ou formas correctas introdúcense a continuación**

Entre a entrada incorrecta e a resposta correcta non se sinalan as diferenzas de xénero ou número, pero si que se marcan entre parénteses os femininos irregulares ou de pouco uso, as diferentes categorías gramaticais entre os verbos cando estas non son coincidentes e nalgúns casos, para aclarar posibles confusións, dáse a acepción á que se fai referencia coa resposta correcta.

***apolillar** *v. tr. e pr. trazar*² (*v. tr.*), **acarunchar** (*v. pr.*).

***botiquín** *m. caixa de primeiros auxilios*.

***chefe** *s. xefe* (*f. xefa*).

***guiñol** *m. monicreques*.

***ráfaga** *f.* **1. refacho** (de vento). **2. raxada** (de disparos).

***rascaceos** *m. rañaceos*.

abade (do arameo *abba*, 'pai', polo grego *abbás* e o lat. *abbāte*) *m.* **1.** Superior dun mosteiro ou dalgunhas colexiatas. **2.** Sacerdote titular dunha parroquia. *Sin. crego, cura.* • **Mesa de abade** Mesa ben provista de bos manxares. // *FAM.* Abacial, abadengo, abadesa, abadía.

abadesa (do lat. tardío *abbātissa*) *f.* Superiora dalgúns mosteiros ou conventos de relixiosas. // *FAM.* Abadesado.

abadexo (derivado humoríst. de *abade* [?]) *m.* Peixe teleósteo (*Pollachius pollachius*) de cabeza grande, corpo cilíndrico e longo e cor verdosa no lombo e prateada nos costados. É comestible. *Sin. corbello.*

abadía (do lat. tardío *abbātia*) *f.* **1.** Dignidade de abade ou de abadesa. **2.** Mosteiro ou igrexa rexidos por unha abadesa ou un abade. **3.** Territorio, xurisdición, bens ou rendas pertencentes á abadesa ou ao abade. **4.** Casa do cura párroco. *Sin. reitoral.* **5.** Tributo ou lutuosa pagados ao párroco cando morría alguén.

abafadizo -a (de *abafallar*) *adx.* **1.** Que dificulta a respiración. **2.** Que se sufoca con facilidade. **3.** Vergoñento, vergoñoso.

abafado -a (de *abafar*) *adx.* **1.** Asfixiado, sen alento. *Sin. afogado.* **2.** Desacreditado, avergoñado. **3.** Dominado, apagado. **4.** Infectado, inchado. **5.** Cuberto de bafo. **6.** Que desprende un cheiro desagradable. **7.** *fig.* Que sente impotencia, que se ve indefenso ante unha situación desagradable, difícil ou adversa. *Sin. afogado.*

abafador -ora (de *abafallar*) *adx.* Que produce abafos.

abafallo (de *abafallar*) *m.* Sentimento de desprezo ou asoballamento.

abafar (de *bafo*) *v. tr.* **1.** Dificultar ou impedir lle a respiración a alguén. *Sin. acorar, afogar, asfixiar, atafegar, sufocar.* **2.** Cubrir de bafo. *Sin. embazar, empanar.* *Ant. desabafar, desembazar.* **3.** Apagar, dominar, extinguir. **4.** Avergonzar, desacreditar ou maltratar de palabra. **5.** *fig.* Molestar ou agoniar cunha pretensión, petición etc. *Sin. acosar.* *Ant. desabafar.* **6.** *v. i.* Afogar, asfixiar ou respirar con dificultade. *Sin. acorar, afogar, asfixiar, atafegarse, sufocarse.* *Ant. desabafar.* *Cf. alasar, ampear, arfar.* **7.** Botar bafo. **8.** Apagarse, extinguirse. **9.** Ulir mal. *Sin. alcatrear, apestar, feder.* **10.** Infectarse, inchar. **11.** *v. pr.* Cubrirse de bafo. *Sin. embazarse, empanarse.* // *FAM.* Abafadizo, abafado, abafador, abafallar, abafamento, abafante, abafos.

abafos (de *abafar*) *m.* **1.** Dificultade para respirar. *Sin. acoramento, acoro, afogamento, asfixia,*

atafego, sufocación. **2.** Sensación de afogo. **3.** *fig.* Sensación de desacougo, impotencia etc. ante unha situación difícil. *Sin. apuro.* ♦ *Sin. afogo.*

abaixador -ora (de *abaixar*) *adx.* Que abaixa, que fai descender.

abaixamento (de *abaixar*) *m.* Acción e efecto de abaixar ou abaixarse.

abaixar (de *abaixo*) *v. tr.* **1.** Rebaixar, diminuír a altura. **2.** Inclinar, dobrar algo cara a abaixo, en particular a cabeza. **3.** *v. pr.* Dobrar o corpo ou inclinarse cara a abaixo. *Sin. agacharse, encollerse, anicarse, inclinarse.* **4.** Facer ou dicir algo que afecte negativamente á propia dignidade. *Sin. rebaixarse.* **5.** Humillarse, someterse. ♦ *Sin. baixar(se).* • **Abaixar a orella** Obedecer sen replicar. // *FAM.* Abaixador, abaixamento.

abaixo (de *baixo*) *adv. l.* **1.** Nun lugar ou grao inferior. *Sin. embaixo.* *Ant. arriba.* **2.** En dirección descendente. ♦ *Ant. arriba.* • **Abaixo!** Exclamación de protesta ou desaprobación.

Botar abaixo Derrubar, destruír algo. **Vir ou ir algo abaixo** Caer, derrubarse ou esborearse algo.

abaladura (de *abalar*) *f.* Acción e efecto de abalar ou abalarse. *Sin. abalamento.*

abalamento (de *abalar*) *m.* Acción e efecto de abalar ou abalarse. *Sin. abaladura.*

abalanzar (do pref. *a-* + *balanza* + suf. de verbalización *-ar*) *v. tr.* **1.** *N. com.* Poñer no fiel unha balanza engadindo ou quitando peso, facer que unha balanza quede nivelada ou equilibrada engadindo ou quitando peso. *O froiteiro abalanzou a romana engadindo un par de mazás.* **2.** *N. com.* Determinar o peso de algo utilizando a balanza. *Por favor, podíame abalanzar esta bolsa de fariña?* *Cf. pesar.* **3.** Facer que algún obxecto teña ou mantéña niveladas ou equilibradas as partes que o compoñen engadindo peso, quitándoo, levantando unha parte etc. *Se non conseguimos abalanzar o cadro por abaixo, non imos poder encaixalo nas alcaiatas.* *Sin. equilibrar, nivelar.* **4.** Impulsar ou lanzar con forza ou violencia algunha cousa ou persoa. *Abalanzou a seu irmán contra a parede.* *Sin. arreboliar, guindar.* **5.** Facer que un obxecto se dirixa con forza contra algo ou alguén. *Abalanzou o coche contra a multitude.* **6.** Ser algo ou alguén o motivo que provoca que algunha persoa se decida a facer algo. *O seu sentimento de culpa abalanzouno a presentarse perante a policía.* *Sin. impulsar, mover.* *OBS.* Rexe a preposición *a*. **7.** *v. pr.* Ir ou botarse decididamente e con forza unha persoa ou animal contra, ou en dirección a, algo ou alguén. *A carraxe fixo que*

se abalanzase contra o seu xefe e o tirase ao chan. *Sin. botarse, lanzarse, saltar.*

abalar (se cadra do lat. *ballāre*, 'bailar', ou do lat. **advallāre*, 'guindar no val' [?]) *v. tr.* **1.** Mover, axitar ou facer oscilar algo ou a alguén sen movelo do lugar. *Sin. abanar, abanear, acanear, balancear, bambear.* **2.** Balancear o neno no berce para que durma. *Sin. abanar, abarrelar, arrolar.* **3.** *v. i.* Axitarse unha persoa ou animal con movementos repetidos e non voluntarios, nomeadamente por mor do frío ou do medo. *Sin. abanear, tremar.* **4.** Subir a marea. **5.** *v. pr.* Moverse ou axitarse, sen cambiar de sitio. *Sin. abanarse, abanearse, acanearse, arrolarse, balancearse.* ♦ *Sin. abalear.* // *FAM.* Abaladoiro, abaladura, abalamento, abaleiro, abalo, abaloira.

abalear (se cadra do lat. *ballāre*, 'bailar', ou do lat. **advallāre*, 'guindar no val' [?]) *v. tr., i. e pr.*

1. V. abalar. **2.** *v. i.* Moverse algo dun lado a outro do punto do que está suxeito. *Sin. abanear.* *Cf. oscilar.*

abalo (de *abalar*) *m.* **1.** Acción e efecto de abalar. *Sin. abanadura, abaneadura, abaneo, acanear, balance, balanceo, bambeo.* **2.** Preamar. *Sin. mar cheo, marea chea.* *Ant. baixamar, devalo.* // *FAM.* Abalón.

abalocar (do pref. *a-* + *baloco* + suf. de verbalización *-ar*) *v. pr.* **1.** Endurecerse a terra. **2.** Callar un líquido.

abaloira (de *abalar*) *f.* **1.** Vara longa para varear. *Sin. baloira, varal.* **2.** Barra metálica ou de madeira cun apoio no medio para bambearen dous que sentan nos extremos. *Sin. bambán.* // *FAM.* Abaloirar.

***abalorio m. abelorio.**

abanador (de *abanar*) *m.* **1.** Instrumento para producir aire ou para se airear ao movelo dun lado para outro. Adoita ser pregable, con pé de variñas e corpo de tea ou papel, formando un semicírculo ao se abrir. **2.** Instrumento para dar aire ou aviventar o lume, feito de palla ou vergas entretrecidas e provisto de mango. *Sin. ventallo.* ♦ *Sin. abanico, abano.*

abanadura (de *abanar*) *f.* Acción e efecto de abanar. *Sin. abaneadura, abaneo.*

abanar (do lat. **evannāre*, 'peneirar, pasar pola peneira') *v. tr. e pr.* **1.** Darlle aire a alguén, ou airearse un mesmo, co abanico. *Sin. abanicar(se).* **2. V. abalar. // *FAM.* Abanador, abanadura.**

abandallar (de *bandallo*) *v. pr.* Desatender o aseo propio e o coidado persoal.

abandeirado -a (de *abandeirar*) *s.* **1.** Oficial militar encargado de levar a bandeira. **2.** Quen

leva a bandeira nas procesións e outros actos públicos. **3.** Persoa que se destaca representando ou defendendo unha causa.

abandeirar (de *bandeira*) *v. tr.* **1.** Matricular un barco baixo a bandeira dun país; provelo dos documentos correspondentes. **2.** Levar a dianteira na defensa de algo. **3.** Adornar con bandeiras.

abandonado -a (de *abandonar*) *adx. e s.* **1.** (Dise da) persoa descoidada, sucia, mal vestida.

2. (Dise de) quen non se ocupa de si ou das súas cousas. ♦ *Sin. desleixado.* **3.** *adx.* Aplícaselle a unha propiedade ou animal dos que se descoñece o dono. **4.** Que quedou sen habitantes. *Sin. deserto, deshabitado.*

abandonar (do fr. *abandonner*) *v. tr.* **1.** Non continuar mantendo unha relación cunha persoa coa que se convivía, ou cunha persoa, animal ou cousa que se atendía, coidaba ou amparaba. *Seica a muller o abandonou porque bebía. A loba nunca abandona os cachorros. Abandonaron esa veiga porque lles resultaba moi traballosa.* *Sin. deixar.* **2.** Non continuar nun lugar ou sitio no que se levaba certo tempo, marchar ou irse del. *Nas actuais circunstancias ao exercito alemán non lle vai quedar máis remedio ca abandonar París. Ergueuse lentamente da cadeira e abandonou a sala sen dar chío.* *Sin. deixar.* **3.** Non continuar cunha actividade que se estaba a realizar. *Se o xefe te ve abandonar o choio sen avisar, vaiche botar unha bronca. Así que lle deron a mala nova abandonou todo o que estaba a facer e liscou máis rápido que á présa. O tenista tivo que abandonar o partido tras acordar o pulso.* *Sin. deixar.* **4.** Non continuar alguén nunha situación, actividade etc. que lle era habitual, ou á que lle dedicaba tempo de xeito habitual. *Despois de moito sacrificio, conseguiu abandonar o mundo da droga. Logo do seu último fracaso comercial, decidiu abandonar definitivamente a música a nivel profesional.* *Sin. deixar.* **5.** Non continuar utilizando algo que se tiña o costume de utilizar. *Cando chegaron os tractores todo o mundo abandonou o carro tradicional. Hai escritores que se negan a abandonar a máquina de escribir.* *Sin. deixar.* **6.** *v. i.* Darse alguén por vencido por mor dalgunha adversidade ou complicación e renunciar a seguir co que estaba facendo. *Ben sabes que loitei coma o primeiro por erradicar a inxustiza caciquil da nosa vila, pero, visto que nada muda e que xa non teño forzas, non me queda máis ca abandonar. Se abandonas agora nunca máis gozarás da admiración da xente que te segue. Estás no décimo*

asalto e o teu contrincante está peor ca ti: non abandones agora! *Sin. renderse.* 7. *v. pr.* Deixar de coidar alguén de si mesmo, dos seus intereses, obrigas, aseo, aspecto etc. *Parece mentira que un home coa súa integridade se abandonase de tal xeito e agora anda a pedir polas portas.* *Sin. desleixarse.* // *FAM.* Abandonado, abandono, abandonismo.

abandono (de *abandonar*) *m.* 1. Feito e resultado de abandonar ou abandonarse. *Sin. desamparo; desidia.* 2. Renuncia. 3. *Der.* Desamparo dun ben, un cargo ou unha obrigación.

abaneadura (de *abanear*) *f.* Acción e efecto de abanear. *Sin. abanadura, abaneo.*

abanear (de *abano*) *v. tr., i. e pr.* 1. **V. abalar.** 2. *v. i.* Moverse algo dun lado a outro do punto do que está suxeito. *Sin. abalar.* *Cf. oscilar.* // *FAM.* Abaneadura, abaneo, abaneón.

abaneo (de *abano*) *m.* Acción e efecto de abanear ou abanar. *Sin. abalo, abanadura, abaneadura, acaneo, balance, balanceo, bambeo.*

abaneón (de *abanear*) *m.* 1. Abaneo ou balanceo dun corpo. 2. Movemento forte e brusco. *Sin. sacudida.*

abanico (de *abanico*) *v. tr. e pr.* Darlle aire a alguén, ou airearse un mesmo, co abanico. *Sin. abanar(se).*

abanico (de *abano*) *m.* Abano. // *FAM.* Abanicar.

abano (do lat. *vannu*, 'cribo, peneira') *m.* 1. Instrumento para producir aire ou para se airear ao moverse dun lado para outro. Adoita ser pregable, con pé de variñas e corpo de tea ou papel, formando un semicírculo ao se abrir. *Sin. abanador.* 2. Instrumento para dar aire ou aviventar o lume, feito de palla ou vergas entretrecidas e provisto de mango. *Sin. abanador, ventallo.* 3. *fig.* Serie de cousas diversas que posúen algunha característica común e entre as cales pode facerse unha escolla ou gama. ♦ *Sin. abanico.* // *FAM.* Abanear, abanico.

abanqueiro (de *banco*, pola semellanza coa forma deste [?]) *m.* Salto de auga, por causa dun desnivel do terreo. *Sin. cachoeira, cadoiro, fervenza.*

abaratamento (de *abaratar*) *m.* Acción e efecto de abaratar. *Sin. baixa.* *Ant. encarecemento, subida.*

abaratar (de *barato*) *v. tr. e i.* Facer diminuír, ou diminuír, o prezo. *Sin. baixar.* *Ant. encarecer, subir.* // *FAM.* Abaratamento.

abarcábel ou **abarcable** (de *abarc* + suf. *-bel* ou *-ble*, que indica capacidade ou aptitude para recibir a acción do verbo) *adx.* Que se pode abarcar.

abarc (do lat. *abbracchiāre* < *bracchium*, 'brazo') *v. tr.* **V. abranguer.** // *FAM.* Abarcábel, abarcable.

abarrotamento (de *abarrotar*) *m.* Acción e efecto de abarrotar ou abarrotarse.

abarrotar (de *barrote*) *v. tr. e pr.* 1. Encher ou encherse completamente un lugar ou espazo. *Sin. acugular; ateigar(se), atestar(se).* 2. *v. i.* Estar completamente cheo. // *FAM.* Abarrotamento.

abastardamento (de *abastardar*) *m.* Acción e efecto de abastardar ou abastardarse.

abastecedor -ora (de *abastecer*) *adx. e s.* Que, ou quen, abastece. *Sin. avituallador, forneecedor, provedor.*

abastecemento (de *abastecer*) *m.* Acción e efecto de abastecer ou abastecerse. *Sin. aprovisionamento, subministración.*

abastecer (de *basto*) *v. tr.* 1. Dar, vender, subministrarlle o necesario a unha persoa, a unha cidade etc. *Sin. fornecer.* *Ant. desabastecer.* 2. *v. pr.* Facer provisión do necesario. *Sin. aprovisionarse, proverse.* // *FAM.* Abastecedor, abastecemento.

abasto (de *abastar*) *m.* 1. Provisión de víveres e demais cousas necesarias. 2. Abundancia. 3. *m. pl.* Víveres, provisións. *Praza de abastos.* • **Dar abasto** Dar feito, proporcionar o suficiente. **Non dar abasto** Non ser quen de facer o necesario, estar desbordado.

abatemento (de *abater*) *m.* 1. Acción e efecto de abater ou abaterse. 2. *fig.* Prostración ou debilidade física. *Sin. decaemento, desfalecemento, esmorecemento.* 3. *fig.* Prostración, debilidade ou diminución notable do ánimo. *Sin. desalento, desánimo, desazo.* *Ant. euforia.* *Cf. apatía, depresión, tristura.* 4. Ángulo que forma a quilla co rumbo real dunha nave.

abater (do lat. tardío *abbat[u]ere*) *v. tr.* 1. Facer caer, tirar ao chan. *Sin. derrubar.* 2. Por ext., matar violentamente e provocando a caída ao chan da vítima. 3. Facer que baixe unha cousa. 4. Inclinar, tombar, poñer tendido. 5. *fig.* Facer perder o ánimo ou as forzas. *Sin. aplanar, chafar.* *Cf. deprimir, desanimar.* 6. *v. i.* Desviarse unha nave do seu rumbo. 7. *v. pr. fig.* Perder as forzas ou os ánimos. *Cf. deprimirse, desanimarse.* 8. Baixar ou descender unha ave de rapina, ou unha cousa que está no aire, sobre unha presa ou á terra. 9. Inclinar o corpo cara ao chan. *Cf. abaixarse, agacharse, anicarse.* 10. Caer ao chan, vir abaixo. *Sin. derrubarse.* // *FAM.* Abatemento, abatíbel, abatible, abatido.

abatíbel ou **abatible** (de *abater*) *adx.* Que se pode abater. *Cama abatible.*

abatido -a (de *abater*) *adx.* Prostrado, desanimado, derrubado.

abázcaro *m.* **V. abáboro.**

abdicación (do lat. *abdicatione*) *f.* Feito e resultado de abdicar.

abdicar (do lat. *abdīcāre*, 'renunciar') *v. tr. e i.* 1. Renunciar un monarca á súa soberanía. 2. Abandonar unhas crenzas, opinións etc. // *FAM.* Abdicación.

abdome (do lat. *abdōmen*) *m.* 1. Cavidade do corpo dos vertebrados, que comprende a parte inferior do tronco e contén as vísceras. *Sin. ventre.* 2. Rexión do corpo de diversos animais situada a continuación do tórax ou do cefalotórax. // *FAM.* Abdominal.

abdominal (do lat. *abdominale*) *adx.* Relativo ao abdome. *Cf. ventral.*

abeaca *f.* Cada unha das dúas pezas do arado de pau que saen oblicuamente desde a rella e serven para anchar o suco e virar a terra. *OBS.* Úsase máis en plural. *Sin. forcado, gueifa, orelleira.*

abeberar (do lat. **abbiberāre* < *bibere*, 'beber') *v. tr.* Darlle de beber ao gando.

abecé (de *a, b, c*, as tres primeiras letras do alfabeto) *m.* 1. Serie ordenada das letras dun idioma. *Sin. abecedario, alfabeto.* 2. Conxunto das nocións elementais dunha ciencia, un oficio ou unha arte.

abecedario (do lat. *abecedāriū*) *m.* Serie ordenada das letras dun idioma. *Sin. abecé, alfabeto.*

abecerrar (de *becerra*) *v. pr.* Quedar mal cocida algunha parte dun pan, biscoito etc. de xeito que dea como resultado que quede crúa ou amazocada algunha veta no seu interior.

***abedul** *m.* **bidueiro.**

abeiradoiro (de *abeirar*) *m.* Lugar resgardado para se protexer das inclemencias do tempo. *Sin. abeiro, abrigadoiro, abrigo, refuxio.*

abeirar (de *beira*) *v. tr. e pr.* 1. Achegar, ou achegarse, á beira. 2. Dar, ou tomar, abeiro. *Sin. abrigar(se), amparar(se), gorecer(se), resgardar(se).* 3. *v. tr.* Estar á beira de. *Os carballos abeiran a corredoira.* *Sin. bordear.* // *FAM.* Abeiradoiro, abeiro.

abeiro (de *aba*) *m.* 1. Resguardo ou protección. *Sin. amparo.* 2. Lugar protexido contra os rigores do tempo, perigos etc. *Sin. abrigadoiro, acubillo.* ♦ *Sin. abrigo, refuxio.* • **Dar abeiro** Acoller. **Ao abeiro de** Ao amparo de.

abelá (do lat. *abellāna* < *nux abellāna*, 'noz de Abella', de Abella, cidade da Campania) *f.* Froito da abeira. // *FAM.* Abeledo, abeira.

abeledo (de *abelá*) *m.* Terreo no que abundan as abeiras.

abeira (de *abelá*) *f.* 1. Árbore ou arbusto da Familia das betuláceas (*Coryllus avellana*), frondosa, folla caduca, que ten por froito a abelá. 2. Madeira, dura e moi flexible, desta planta. ♦ *Sin. abeira.*

abella (do lat. *apicūla*) *f.* Insecto himenóptero, da Familia dos ápidos (*Apis mellifera*). // *FAM.* Abellal, abellar, abellariza, abelleira, abelleiro, abellón.

abellariza (de *abella*) *f.* 1. Lugar onde se teñen colmeas agrupadas consistente nun muro, xeralmente circular, para protexelas de animais que comen o mel, como os osos. 2. Conxunto agrupado de colmeas. ♦ *Sin. alvariza.*

abelleira (de *abella*) *f.* 1. Caixa de madeira, cortiza etc. que lles serve de habitación ás abellas e de depósito dos panais que fabrican. *Sin. colmea, cortiza, cortizo, covo, trobo.* 2. Niño de abellas. 3. Planta herbácea, da Familia das labiadas (*Mellisa officinalis*). É medicinal. *Sin. herba abelleira, melisa.*

abellón (de *abella*) *m.* 1. Insecto semellante a unha avés, pero máis grande. 2. Macho da abella. ♦ *Sin. abáboro, abázcaro.* 3. Insecto semellante á abella, pero máis grande e ruidoso ao voar. *Sin. abesouro.* 4. Costume funerario, arremedando o zoar do abellón arredor do morto. 5. Xogo dos rapaces. // *FAM.* Abelloar.

abelorio (do ár. *al-ballūrī*, 'cristalino') *m.* 1. Cada unha das boliñas furadas, de vidro ou doutro material, que se usan para facer adornos e labores en tecidos. *Sin. doa.* 2. Colar, pulseira etc. feito con estas boliñas. 3. Adorno, aparentemente luxoso, de escaso valor real.

abeluria (de *abella* + *loira* [?]) *f.* 1. Planta veirosa da Familia das escrofulariáceas (*Digitalis purpurea*), de talo con poucas ramas. Cocida serve como activador da circulación sanguínea, pero o seu uso en exceso pode conducir á morte. 2. Flor desta planta. ♦ *Sin. belitroque, borleta, croque, dedeira, dixital, estalote, estraloque, milicroque, sanxoán, seoane, tróquele.* 3. Planta gutífera medicinal (*Hypericum perforatum*), de froito en forma de corazón. *Sin. herba das feridas, herba de san Xoán, hipérico.*

abelurio *m.* 1. Persoa pesada, molesta e imperitine. 2. Persoa moi inqueda.

abeneiro (de *ameneiro*) *m.* 1. Árbore da Familia das betuláceas (*Alnus glutinosa*) de ata vinte metros de altura, de copa moi poboada con follas arredondadas e flores brancas en forma de espiga colgante. 2. Madeira desta árbore, de cor clara, moi dura e lixeira. ♦ *Sin. ameneiro, amieiro.*

aberración (do lat. *aberratiōne*) *f.* 1. Desviación do que se considera normal ou lóxico. 2. Desatino, cousa absurda ou trabucamento grave. 3. *Astron.* Desviación aparente da dirección real dun astro causada polo movemento da Terra. 4. *Biol.* Desviación do tipo normal que presenta un carácter morfolóxico ou fisiolóxico. // *FAM.* Aberrante.

aberrante (do lat. *aberrante*) *adx.* Que se desvía do normal ou común ou é desatinado.

abertamente (de *aberto* + suf. *-mente*, 'de xeito, de maneira') *adv. m.* Sen rodeos nin reservas.

aberto -a (do lat. *apertus*) *adx.* 1. Que non está cerrado, cercado, valado etc. *Ant. cerrado, pechado.* 2. Amplo, sen atrancos. 3. *fig.* Dado á comprensión, ao entendemento, á tolerancia. *Ant. cerrado, pechado.* 4. *fig.* Espontáneo, sincero. 5. Relaxamento dun tendón, por mor dun esforzo. 6. *Fonét.* Dise do son con maior grao de abertura. *Ant. pechado.* • **A peito aberto** Sen reserva. // *FAM.* Aberta, abertal, abertamente.

abertura (do lat. *apertūra*) *f.* 1. Feito de abrir ou abriarse. 2. Furado, greta, separación. 3. Diverxencia entre os lados dun ángulo, as puntas dun compás etc. 4. *Fonét.* Amplitude que deixan os órganos articulatorios ao paso do aire cando se emite un son.

abesourar (de *abesouro*) *v. i.* 1. Molestar, importunar dicindo ou facendo algo. 2. Observar a alguén, coidando de que non se decate.

abesouro *m.* 1. Insecto semellante á abella, pero máis grande e ruidoso ao voar. *Sin. abellón.* 2. Instrumento que serve para imitar o zunido do abellón. 3. *adx. e s. fig.* Persoa impertinente. // *FAM.* Abesourar.

abestar (de *besta*) *v. pr.* Facerse semellante ás bestas. *Sin. embrutecerse.*

abesullar *v. i.* 1. **V. asexar.** 2. Molestar, importunar.

abesullón -ona (de *abesullar*) *adx.* Dado a abesullar. *Sin. osmón.*

abeto (do lat. vulg. *abēte* < lat. *abiēte*) *m.* 1. Árbore resinosa, pinácea, das especies *Abies* ou *Picea*. Ten o tronco dereito e alto, a copa cónica, ramas horizontais e follas persistentes en forma de agulla. É madeirable. 2. Madeira desta árbore.

abiñadoira (de *abiñar*) *f.* Utensilio para torcer os fíos de liño; está composto por dúas táboas paralelas furadas.

abisal (do gr. *abyssos*, 'sen fondo', polo lat. *abysus*) *adx.* Dise da zona mariña que corresponde a profundidades superiores aos 2000 ou 3000 m; caracterizada pola falta de luz, as baixas tempe-

raturas e as presións elevadas. *Sin. peláxico.* *Cf. abismal.* • **Fosa abisal** Depresión do fondo do mar, alongada e profunda, que se atopa normalmente cerca da costa.

abismal (de *abismo*) *adx.* 1. Relativo ou tocante ao abismo. *Sin. abisal, peláxico.* 2. Enorme, impresionante. 3. Moi grande, dito da altura, da profundidade, das diferenzas. ♦ *Cf. insondable.*

abismar (de *abismo*) *v. tr. e pr.* 1. Afundir ou afundirse nun abismo. 2. *v. pr. fig.* Entregarse por completo á contemplación, á dor etc.

abismo (probabl. do lat. vulg. **abissymu*, superlativo de *abyssu* < gr. *abyssos*, 'sen fondo') *m.* 1. Profundidade grande, imponente e perigosa. 2. Inferno. 3. *fig.* Cousa inmensa, insondable ou incompreensible. // *FAM.* Abismal, abismar.

ablación (do lat. *ablatiōne*, 'acto de tirar') *f.* 1. *Medic.* Extirpación ou separación de calquera parte do corpo. 2. *Xeol.* Perda de material sufrida por un relevo, ou de xeo sufrida por un glaciar.

ablativo (do lat. *ablativu*) *m. Gram.* Caso da declinación latina que corresponde ao complemento circunstancial e expresa orixe, materia, modo e tempo, distancia ou situación etc. Constrúese coas preposicións *con, de, desde, en, por, sen, sobre, tras.*

ablución (do lat. *ablutiōne*, 'lavado' ou 'bautismo') *f.* 1. Acción de lavar a cara ou outra parte do corpo como ritual purificador. 2. Nalgunhas relixións, cerimonia ritual de purificación pola auga.

abnegación (do lat. *abnegatiōne*, 'renuncia') *f.* Actitude de sacrificio ao servizo de Deus ou en favor dos demais. // *FAM.* Abnegadamente, abnegado.

abnegado -a *adx.* Que renuncia á vontade, afectos ou intereses propios en ben dos demais.

aboador -ora (de *aboar*) *adx. e s.* 1. Que, ou quen, aboa ou paga. 2. *s.* Persoa que responde por outra. 3. *adx.* Que proba a certeza ou a existencia de algo. *Sin. acreditativo.*

aboamento (de *aboar*) *m.* 1. Feito de aboar ou o que se aboa. 2. Aquilo que acredita algo. *Cf. garantía.*

aboar (de *bo*) *v. tr.* 1. Acreditar ou probar a certeza de algo. *Sin. acreditar, garantir.* 2. Responder como fiador por alguén ou algo. 3. Pagar unha cantidade de diñeiro polo que sexa. 4. Asentar no haber dunha conta. // *FAM.* Aboador, aboamento.

abobar (de *bobo*) *v. tr. e pr.* Deixar parvo a alguén, ou quedar un parvo. *Sin. abombar(se).*

abocar (de *boca*) *v. tr.* 1. Tocar ou coller coa boca. 2. Xuntar as bocas de dous recipientes para transvasar o seu contido. 3. Coller ou prender pola boca. 4. Morder. 5. Botar os cans contra alguén. *Sin. acirrar, aporrear, apurrar, arrizar, azurrar, embizar, encirrar.* 6. *v. i. Mar.* Comezar a entrar a nave nun porto, da profundidade, das diferenzas. ♦ *Cf. insondable.*

***abochornar** *v. tr. e pr. avergonzar.*

abofé (de *a-²* + *boa* + *fe*) *adv.* Certamente, de verdade, sen dúbida. *Sin. a fe.*

***abofetear** *v. tr. dar unha labazada.*

***abogado -a** *s. avogado.*

aboiado -a (de *boia*) *adx.* Dise da persoa que está nun estado de non saber que facer ou a onde ir.

aboiar¹ (de *boi*) *v. tr.* 1. Montar o boi á vaca. 2. *v. pr.* Entrar unha vaca en celo.

aboiar² (de *boia*) *v. tr.* 1. Marcar con boias. 2. *v. i.* Sosterse un corpo na superficie dun líquido. *Sin. flotar.* *Ant. afondar, afundirse.* 3. Xurdir á superficie dun líquido. 4. Andar sen saber que facer ou a onde ir.

abolar (de *bolo¹*, ou do lat. *bŭlla*, 'burbulla') *v. tr.* 1. Producir cun ou varios golpes un vulto ou oco na superficie dunha cousa. *Sin. crocar.* 2. Facer que unha comida quede mal cocida. 3. *v. pr.* Resultar algo cun vulto ou oco na súa superficie a causa dun ou varios golpes. *Sin. crocarse.* 4. *v. i. e pr.* Formar unha substancia máis ou menos líquida, bolos ou bolborotos. 5. Quedar unha comida mal cocida. *Cf. abecerrarse.*

***abolengo** *m. avengo.*

abolición (do lat. *abolitiōne*) *f.* Acción e efecto de abolir. *Sin. derogación, supresión.* *Ant. instauración.* // *FAM.* Abolicionismo, abolicionista.

abolicionista (de *abolición*) *adx. e s.* Que, ou quen, defende o abolicionismo.

abolir (do lat. *abolĕre*, a través da forma *abolĕre*, por influxo de *abolitiōne*) *v. tr.* Deixar sen vigor unha lei, unha norma ou un costume. *Sin. anular, derogar, suprimir.* // *FAM.* Abolición.

abominábel ou **abominable** (do lat. *abominabile*) *adx.* Merecente de ser aborrecido e rexeitado. *Sin. atroz, execrable, horrible, monstruoso.*

abominación (de *abominar*) *f.* 1. Acción e efecto de abominar. 2. Cousa atroz, monstruosa que debe ser rexeitada. *Sin. monstruosidade.*

abominar (do lat. *abomināri* < *ab* + *omen*, 'augurio': 'rexeitar como mal augurio') *v. tr.* Aborrecer, condenar, maldicir, odiar, con repugnancia e rexeitamento. // *FAM.* Abominábel, abominable, abominación.

abonamento (de *abonar*) *m.* 1. Feito de abonar ou abonarse. 2. Dereito adquirido por quen se abona. ♦ *Sin. abono.*

abonar (do lat. *bonu*, con influxo do fr. *abonner*) *v. tr. e pr.* Inscribir ou inscribirse, mediante pagamento, para poder gozar periodicamente dunha cousa. *Sin. subscribir(se).* // *FAM.* Abonamento, abonado, abono.

abondar (do lat. *abundāre*) *v. i.* Ser suficiente. *Sin. bastar, chegar.*

abondo -a (do lat. *abundo*, 'en abundancia') *indef.* 1. Que chega, que é suficiente. *Sin. bastante, suficiente.* 2. *adv. c.* Suficientemente en cantidade que chega ben. *Sin. bastante, dabondo, suficiente.* // *FAM.* Abondar, abondoso.

abondoso -a (de *abondo*) *adx.* 1. En gran número e cantidade. *Sin. numeroso.* 2. Dise da persoa inclinada a lles dar aos demais o que lles é propio, e das cousas que mostran esta maneira de actuar. *Sin. espléndido, farturoso, liberal, pródigo, xeneroso.* *Ant. agarrado, amarrado, apertado, atado, avaro, rañas, rañicas; cativo, escaso, pequeno, ruín.* 3. Que produce moito, en especial aplicado á terra. *Sin. fértil, rico.* ♦ *Sin. abundante.*

abono¹ (de *abonar*) *m.* 1. Feito de abonar ou abonarse. *Sin. abonamento.* 2. Dereito adquirido por quen se abona. *Sin. abonamento.* 3. Documento en que consta ese dereito.

***abono²** *m. fertilizante.*

abordábel ou **abordable** (de *abordar* + suf. *-bel* ou *-ble*, que indica capacidade ou aptitude para recibir a acción do verbo) *adx.* 1. Que se pode abordar ou facer. 2. *fig.* Accesible no trato, dito da persoa que é tratable.

abordar (de *bordo* ou *borda*, ou se cadra do fr. *aborder*) *v. tr.* 1. Rozar ou chocar unha embarcación con outra. 2. Arrimar unha embarcación ao peirao ou a outra embarcación. *Sin. atracar.* 3. *fig.* Achegarse ou dirixirse a alguén con algunha finalidade. 4. *fig.* Emprender un asunto ou negocio que non é doado. 5. *fig.* Tratar un tema ou cuestión nunha conversa, un discurso etc. 6. *v. i.* Chegar unha embarcación a porto. *Sin. aportar, atracar.* // *FAM.* Abordábel, abordable, abordaxe.

abordaxe (do fr. *abordage*) *f.* 1. Acción e efecto de abordar. 2. Asalto dunha embarcación, ordinariamente polos ocupantes doutra que se situou cabo dela.

aborixe (do lat. *aborigĕne*, nome que recibían os primitivos habitantes da rexión italiana do Lacio) *adx.* 1. Orixinario do lugar onde vive. *Sin. autóctono, orixinario.* 2. *s.* Persoa que naceu

no país onde vive. **3. m. pl.** Primeiros habitantes dun territorio. ♦ *Sin. indíxena, nativo.*

aborrecer (do lat. *abhorrescere*) *v. tr.* **1.** Abandonar o niño, os ovos ou as crías algúns animais. **2. v. tr. e i.** Producir ou sentir aversión, odio, noxo, repugnancia. *Sin. abominar, anoxar, odiar, aburrir, enfasiar, estoxar.* **3. v. pr.** Sentir odio, repugnancia, aversión, fastío etc. **4.** Infectarse unha ferida, gran etc. *Sin. asañarse, coller, encetarse, gafarse.* // *FAM.* Aborrecíbel, aborrecible, aborrecido.

aborrecíbel ou **aborrecible** (de *aborrecer* + suf. *-bel* ou *-ble*) *adx.* Que merece ser aborrecido. *Sin. abominable.*

aborrecido -a (de *aborrecer*) *adx.* **1.** Ferido moralmente, polas palabras ou actos de alguén. **2.** Que sente fastío, desgusto etc. por algo. *Sin. amargado, furto.* **3.** Dise da ferida, chaga, lesión etc. contaminada por xermes.

abortar (do lat. *abortare*) *v. i.* **1.** Expulsar a femia prematuramente o embrión ou o feto morto, ou expulsalo en tales condicións que non teña posibilidades de sobrevivir. *Antes de ter o primeiro fillo abortara unha vez. Sin. malparir.* **2.** Interromper unha muller á mantenta o proceso normal de embarazo ou xestación, ou recorrer a alguén para que llo interrompa. *Os médicos dixéronlle que no parto a súa vida ía correr un gran risco, así que decidiu abortar.* **3.** Rematar, acabar ou desaparecer algo antes do previsto ou antes de chegar ao seu pleno desenvolvemento. *O proxecto espacial abortou nada máis comezar. A semana pasada pilloume a gripe, pero grazas a Deus abortou ao día seguinte.* **4. v. tr.** Impedir o éxito ou o pleno desenvolvemento de algo. *Os grupos de operacións especiais lograron abortar o golpe de estado. O médico abortou a doenza antes de que se manifestase con toda a súa virulencia.* // *FAM.* Abortivo, aborto.

abortivo -a (do lat. *abortivus*) *adx. e m.* Que, ou o que, fai abortar.

aborto (do lat. *abortus*) *m.* **1.** Interrupción da preñez ou embarazo. **2.** O feto abortado. **3. fig.** Monstro, cousa deforme. **4. fig.** Fracaso. • **Aborto espontáneo** O debido a causas naturais. **Aborto provocado** O que se realiza voluntariamente.

abotoar (de *botón*) *v. tr.* **1.** Prender con botóns. **2.** Introducir un botón no ollal. ♦ *Sin. abrochar.* **3. v. i.** Agromar, botar brotes as plantas. **abouzar** *v. tr.* Enxordecer ou atordar con rúidos e berros. *Sin. achourilar, axordar, enxordar, enxordecer.*

abovedado -a (de *abovedar*) *adx.* Que está cuberto con bóveda.

abracadabra (do gr. *abrakadabra*, polo lat. *abracadabra*) *m.* Palabra cabalística á que se lle atribuían virtudes máxicas, dispoñendo as súas letras en once ringleiras que formen triángulo. // *FAM.* Abracadabrante.

abracadabrante (de *abracadabra*) *adx.* Sorprendente, que produce confusión, medo ou contentamento.

abraiar *v. tr.* **1.** Provocar admiración ou asombro. *Sin. encandear, maravillillar.* **2. v. i.** Resultar perplexo, asombrado, impresionado. ♦ *Sin. asombrar(se), pasmar.* // *FAM.* Abraiante, abraio.

abraio *m.* Grande impresión producida por algo inesperado, inusual, estraño etc. *Sin. asombro, pasmo.*

abraira *f. V. abeiraira.*

abrancazado -a (de *branco*) *adx.* **1.** De cor que tira ao branco. **2.** Pálido.

abrandamento (de *abrandar*) *m.* Acción e efecto de abrandar.

abrandar (de *brando*) *v. tr. e i.* **1.** Poner ou poñerse branda unha cousa. *Sin. amolentar, amolecer. Ant. endurecer.* **2.** Facer minguar, ou minguar, a intensidade de algo ou a dureza de algo ou alguén. *Sin. amolecer, amolentar, entenrecer, afrouxar, diminuír, minguar. Ant. endurecer.* **3. fig.** Acalmar a ira, o anoxo ou a severidade dunha persoa. • **Abrandar as pedras** Conmover. // *FAM.* Abrandamento.

abranguer (se cadra do fr. ant. **abrengier* < *reng*, 'círculo, anel' [?]) *v. tr.* **1.** Coller algo ao que apenas se lle chega coa man. *Ti tamén que tal es! case non abrangue os libros do andel máis baixo e pídeslle que che colla un de arriba de vez. Abrángueme ese martelo de aí, fai favor. Sin. acadar, alcanzar, atanguer, atinxir.* **2. fig.** Chegar a ter ou a tocar algo que se expresa, ou a gozar de algo que se expresa. *Díxonos que a felicidade é un concepto tan utópico que nunca na vida a poderíamos abranguer. Abrangueu certo éxito a nivel nacional coa súa última película. Sin. acadar, alcanzar, atanguer, atinxir.* **3.** Rodear cos brazos algo ou a alguén. *Abrangueuna cariñosamente e pediulle casamento. Sin. abarcar, abrazar, cinguir.* **4. N. com.** Dominar coa vista un determinado espazo ou extensión. *Aseguráronnos que desde A Curota podíamos abranguer toda a ría de Arousa, e mesmo en días moi claros a de Pontevedra. Sin. abarcar.* **5.** Conter unha cousa dentro de si, ou formando parte de si, outra ou outras. *Calquera entrada dun bo dicionario debería abranguer todas as súas posibles acepcións. O movemento cultural e artístico coñecido*

como Renacemento abrangue os ss. XV e XVI. Sin. abarcar, comprender, incluír.

abrasador -ora (de *abrasar*) *adx.* Que abrasa, que queima. *Sin. abrasante.*

abrasante (de *abrasar*) *adx.* Que abrasa, que queima. *Sin. abrasador.*

abrasar (de *brasa*) *v. tr.* **1.** Reducir algo a brasas queimándoo. **2.** Producir calor excesiva, quentar en exceso. **3.** Causar fastío ao insistir moito con preguntas, ordes, feitos etc. **4. v. i.** Murcharen as plantas coa calor ou co frío. **5. v. pr.** Queimarse moito algo ou alguén. **6.** Sentir unha calor abafante. // *FAM.* Abrasador, abrasante.

abrasión (do lat. *abrasione*, 'acto de tirar raspando') *f.* **1.** Desgaste por fricción ou rozamento. **2.** Erosión producida nas rochas polo mar ou outros axentes externos. **3. Medic.** Ulceración superficial da pel ou das mucosas. // *FAM.* Abrasivo.

abrasivo -a (de *abrasión*) *adx. e s.* Relativo á abrasión ou que a produce. A area, a pedra pómez, o vidro, o esmeril etc. son abrasivos.

abrazadeira (de *abrazar*) *f.* Peza que serve para cinguir e suxeitar unha cousa.

abrazar (do lat. **abbracchiare* < *brachium*, 'brazo') *v. tr.* **1.** Cinguir ou rodear cos brazos. *Sin. abarcar, abranguer, cinguir.* **2. fig.** Adoptar ou coller un oficio, profesión ou doutrina. // *FAM.* Abrazadeira, abrazo.

abrazo (de *abrazar*) *m.* Feito e resultado de abrazar ou apertar entre os brazos. *Sin. aperta, apreixo.*

abrecartas (de *abrir* + *carta*) *m.* Sorte de coitelo utilizado para abrir sobres de cartas ou cortar papel.

abrelatas (de *abrir* + *lata*) *m.* Utensilio para abrir as latas de conserva.

abrente (de *abrir*) *m. V. amencer.*

***abrevadeiro** *m. bebedeiro.*

***abreviar** *v. tr. abeberar.*

abreviador -ora (de *abreviar*) *adx.* Que abrevia.

abreviar (do lat. tard. *abbreviare*) *v. tr.* **1.** Facer máis breve, reducir a tempo ou espazo menores. *Sin. acurtar, reducir. Ant. alongar, ampliar, prolongar.* **2. v. i.** Acelerar, apurarse. // *FAM.* Abreviación, abreviadamente, abreviador, abreviativo, abreviatura.

abreviativo -a (de *abreviar*) *adx.* **1.** Que abrevia. **2.** Que indica abreviatura.

abreviatura (do lat. tard. *abbreviatura*) *f.* **1.** Representación abreviada dunha palabra. **2.** Letra ou letras que representan unha palabra.

abridor (de *abrir*) *m.* Instrumento que serve para tirar as rollas ou as chapas das botellas. *Cf. sacarollas.*

abrigadoiro (de *abrigar*) *m.* **1.** Lugar abrigado, defendido do vento, o frío e a chuva. **2.** Sitio para resgardarse. ♦ *Sin. abeiro, abrigo, refuxio.*

abrigar (do lat. *apricari*, 'quecer ao sol', de onde pasa a 'resgardarse do frío') *v. tr. e pr.* **1.** Defender ou defenderse dos rigores do tempo. *Sin. abeirar, gocer.* **2.** Arroupar ou arrouparse. **3. v. tr. fig.** Auxiliar, amparar. **4. fig.** Ter desexos, ideas, sentimentos. *Non abrigues esperanzas.* // *FAM.* Abrigadoiro.

abrigo (do lat. *aprica*, 'resgardado do frío') *m.* **1.** Protección contra as inclemencias do tempo. *Sin. abeiro, amparo, refuxio.* **2.** Causa que abriga ou protexe. **3.** Lugar protexido. **4.** Peza de vestir, que se pon por riba da outra roupa para defenderse do frío. *Sin. gabán.* **5. fig.** Auxilio. **6. V. abrigadoiro.** • **Estar ao abrigo** Estar baixo cuberto, ou ben protexido. **Poñer ao abrigo** **1.** Protexer. **2. fig.** Meter no cárcere. // *FAM.* Abrigoso.

abrigoso -a (de *abrigo*) *adx.* Dise do lugar protexido contra as inclemencias do tempo. *Ant. airoso, ventoso.*

abril (do lat. *aprilis*) *m.* **1.** Cuarto mes do ano; ten 30 días. **2. fig.** Mocidade. **3. pl. fig.** Anos de vida. • **Estar feito un abril** Estar lucido, cheo de vida. // *FAM.* Abrileiro.

abrilantador -ora (de *abrilantar*) *adx.* **1.** Que se emprega ou utiliza para dar brillo, para abrilantar. **2. s.** Profesional encargado de abrilantar as pedras preciosas. **3. m.** Produto ou obxecto utilizados para dar brillo.

abrilantar (de *brillante*) *v. tr.* **1.** Darlle brillo a algo ou facer que brille. **2.** Tallar, como os brillantes, as pedras preciosas. **3.** Darlle máis valor ou lucimento a algo. // *FAM.* Abrilantador.

abrir (do lat. *aperire*) *v. tr.* **1.** Facer posible o acceso ao interior dalgunha cousa, para poder utilizar o que hai nela ou poder meter algo nela, mediante a separación, movemento, extracción etc. do elemento ou parte del destinado para o efecto. *Abrir unha botella. Abrir un armario. Abrir un frasco. Abrir unha lata. Abrir o maleteiro.* **2.** Deixar ao descuberto o interior dalgún obxecto destinado a gardar algo mediante a separación entre si, sen rotura, dalgunhas das partes que o forman. *Abrir un bolso. Abrir unha maleta. Abrir o moedeiro.* **3.** Romper, crebar ou rachar algo para que quede ao descuberto o seu interior, ou para poder utilizar o que hai no seu interior. *Abrir unha noz. Abrir un sobre. Abrir un paquete.* **4.** Mover un elemento que tapa ou cobre un oco, espazo ou abertura para que deixe

de tapalante ou cubrilos. *Abrir unha porta. Abrir unha ventá. Abrir as persianas. Abrir as cortinas.* **5.** Imprimirlle un movemento axeitado a un mecanismo ou artificio que ten como función a de impedir o paso dun fluído por un conduto, para que deixe de impedilo. *Abrir a billa. Abrir a chave do gas.* **6.** Darlle paso, mediante o accionamento dalgún mecanismo, a un fluído que se move a través dalgún conduto. *Abrir a auga. Abrir o gas. Abrir a corrente eléctrica.* **7.** Deixar ao descuberto algunha cousa facendo que as partes que a ocultan se separen. *Abrir os ollos. Abrir a boca.* **8.** Tirar para fóra, sen sacalo de todo, polo caixón dun moble. *Abre o caixón da dereita e cólleme un par de folios.* **9.** Facer que un elemento que estaba pregado, dobrado ou encollido quede coas súas partes estendidas. *Abrir un abano. Abrir a cola o pavo real. Abrir un paraugas.* **10.** Facer que queden estendidas, e normalmente á vista, dúas páxinas dun libro, caderno, revista, carpeta ou semellante, nomeadamente coa intención de as ler ou escribir nelas. *Abride o libro pola páxina cinco.* **11.** Sacarlle o envoltorio a un regalo ou agasallo. *Abrir un regalo.* **12.** Estender e separar unha persoa ou certos animais determinadas partes simétricas do seu corpo (como brazos, pernas ou ás), de xeito que quede entre elas maior espazo do que había. *Abre os brazos. Non abras tanto as pernas.* **13.** Facerlle ou causarlle unha fenda, fisura ou semellante a unha parte do corpo dunha persoa ou animal. *O asasino abriulle a cabeza cunha machada. Abríronlle o ventre para operalo.* **14.** Facerlle unha incisión ou fenda a unha persoa ou animal de xeito que se poida manipular no interior do seu corpo. *Despois de que lle dera o ataque ao corazón xa o abriron un par de veces. Nada máis matar o porco e escamiñalo, xa o abrimos.* **15.** Realizar un burato, oco ou semellante nunha superficie. *Queren abrir un pozo. Van abrir un oco na parede para poñer outra xanela. Están abrindo unha gabia.* *Sin. facer.* **16.** Facer un paso transitible por un sitio onde non o había con anterioridade. *Se non queremos morrer conxelados, temos que intentar abrir un camiño por aquí.* • **Abrir a boca,** ou **abrirsele** (a alguén) **a boca** Bocexar. *Para estares seguido abrindo a boca, mellor será que te vaías deitar. Imos marchar aciña, que ao cativo xa se lle está a abrir a boca. Abrir a boca* Falar. *Debe de estar enfadado, que non abriu a boca en todo o día. Abrir o día* Amencer. *Érguese ao abrir o día e non volve ata ben entrada a noiteña. Abrir os ollos* **1.** Estar moi atento. *Quero que todos abra-*

des ben os ollos e non deixedes pasar a ninguén sen acreditación. **2.** Desenganarse. *¡Abre os ollos, meu, que ninguén che vai dar un peso por peseta!*

// *FAM.* Abrente, abrideiro, abridor.

abritar (de *bríta*) *v. tr.* **V. abitar.**

abrochar¹ (de *broche*) *v. tr.* Prender ou suxeitar con broches, botóns, corchetes etc., especialmente a roupa de vestir. *Sin. abotoar. Ant. des-abotoar, desabrochar.*

abrochar² (de *abrocho*) *v. i.* *Bot.* Botaren as plantas abrochos ou brotes. *Sin. afillar, agomar, agromar, brotar.*

abrocho *m. Bot.* Pequeno botón ou vulto que lles sae aos vexetais no talo ou nas pólas, do que nacen novas pólas, follas ou flores. *Sin. bota, brote, broulla, gomo, rebento, xema.* // *FAM.* Abrochar².

abrogábel ou **abrogable** [ab-rogábel, ab-rogable] (de *abrogar* + suf. *-bel* ou *-ble*, que indica capacidade ou aptitude para recibir a acción do verbo) *adx.* Que se pode abrogar ou abolir.

abrogación [ab-rogación] (de *abrogar*) *f.* Acción e efecto de abrogar.

abrollar (de *abrollo*) *v. i.* **1.** Nacer ou saír unha planta da terra. *Sin. nacer.* **2.** Naceren ou saíren rebentos, follas e flores ás plantas. *Sin. abrochar, agomar, agromar.* Cf. *agrelar, xermiñar, xermolar.* **3.** Saír a auga dos mananciais, as bágoas dos ollos, o sangue das feridas etc. *Sin. xurdir, manar.* **4. fig.** Empezar a manifestarse algunha cousa. *Sin. xurdir.* ♦ *Sin. brotar.*

abrotano (do gr. *abrotanon*, polo lat. *abrotōnu*) *m.* Planta composta, de flores amarelas. Cultívase polo seu arrecendo. Emprégase como estimulante, antiespasmódico ou para facer medrar o pelo. • **Abrótano femia** (*Santolina chamaecyparissus*) Herbácea, usada para aromatizar e protexer a roupa gardada. **Abrótano macho** (*Artemisa abrotanum*) Arbusto, coa medula branca, cheiro semellante ao limón, usado como purgante, maiormente para expulsar as lombrigas (*herba lombrigueira*).

abrótea *f. V. abrótega.*

abrótega *f.* Planta liliácea (*Asphodelus albus*), silvestre, de follas semellantes ás do allo, con talo que remata nun acio espigado de flores brancas. *Sin. abrótea, asfódelo, nunú.*

***abrumar** *v. tr.* **1. abafar.** **2. v. pr. aneboar** (*v. i.*).

abruñal (de *abruño*) *m. V. abruñado.*

abruñado (de *abruño*) *m.* Lugar poboado de abruñeiros. *Sin. abruñal.*

abruñeiro (de *abruño*) *m.* Arbusto espiñento da Familia das rosáceas (*Prunus spinosa*), semellan-

te á ameixeira. Hai especies cultivadas e especies silvestres. As últimas tamén se lles chama *ameixeira brava* e *escambroeira*.

abruño (do lat. **pruñeu* < *prunu* ‘ameixa’) *m.* Froito do abruñeiro. É unha ameixa pequena, negra, amarela ou vermella; aceda ou doce, segundo sexa bravo ou cultivado o abruñeiro. // *FAM.* Abruñal, abruñado, abruñeiro.

abrupto -a (do lat. *abruptu*, ‘rompido, roto’) *adx.* **1.** Dise do terreo ou camiño irregular ou moi pendente. *Sin. áspero, crebado, escabroso, escarpado, esgrevio, frágoso.* *Ant. chairo, chan, liso, plano.* **2. fig.** Dise da persoa de carácter áspero, rudo, violento.

absceso (do lat. *abscessu*, ‘tumor’) *m.* Acumulación de pus nunha cavidade formada por destrución de tecido orgánico. Cf. *apostema.*

absentismo (do lat. *absente*, ‘ausente’, polo ing. *absenteeism*) *m.* **1.** Residencia dun propietario fóra do lugar onde ten os seus bens. **2.** Abandono ou descoído dunhas obrigacións. **3.** Abstenión de acudir ao traballo. // *FAM.* Absentista.

absentista (do fr. *absentiste*) *adx. e s.* **1.** (Dise de) quen falta con frecuencia ao traballo. **2.** (Dise de) quen é dono dunha extensión de terra cultivable que non a traballa.

ábsida (do lat. tard. *absida* [< lat. clás. *abside*] < gr. *apsis*, ‘clave da bóveda’) *f. Arquít.* Parte, xeralmente semicircular, que sobresaia da fachada posterior dun templo. *Sin. ousia.* // *FAM.* Absidal, absidiola.

absidal (de *ábsida*) *adx.* **1.** Relativo á ábsida. **2.** Que ten forma de ábsida.

absidiola (dim. de *ábsida*) *f. Arquít.* Ábsida pequena, en torno á ábsida principal, en igrexas románicas e góticas.

absintio (do lat. *absinthiu* < gr. *apsinthion*) *m.* **1.** Planta composta (*Artemisia absinthium*), amarga e aromática. É medicinal. **2.** Bebida alcohólica preparada con esta planta. ♦ *Sin. asente.*

absolto -a (do lat. *absolutus*, part. perf. de *absolvère*) *adx.* Redimido dunha culpa; eximido, libre, perdoado.

absolución (do lat. *absolutiōne*) *f.* Acción e efecto de absolver, especialmente ao acusado ou ao penitente.

absolutismo (de *absoluto*) *m.* Sistema político en que ningunha lei constitucional limita o poder do soberano ou gobernante. Característica política dos ss. XVII e XVIII.

absolutista (de *absoluto*) *adx. e s.* Que, ou quen, é partidario do absolutismo.

absoluto -a (do lat. *absolutus*, part. perf. de *absolvère*) *adx.* **1.** Que exclúe toda relatividade.

2. Sen restrición ou reserva. ♦ *Sin. completo, pleno, total.* **3.** Inmutable, que existe por si mesmo. **4.** Considerado en si mesmo, independente de calquera outra cousa. **5.** Dise da substancia en estado puro ou moi concentrado. **6.** Dise da magnitude que se mide a partir do seu valor cero, que corresponde á ausencia total desta magnitude. • **En absoluto** **1.** Absolutamente, completamente. **2.** Non, de ningunha maneira. **Monarquía absoluta** Sistema de goberno no que o monarca concentra todos os poderes. // *FAM.* Absolutismo, absolutista.

absolutorio -ria (do lat. *absolutoriu*) *adx.* Dise da sentenza que absolve, de algo que contén absolución.

absolver (do lat. *absolvère*, ‘soltar, liberar’, ou ‘desembarazarse de’) *v. tr.* **1.** Deixar libre dalgún cargo ou obrigación. **2.** Perdoarlle a un penitente os pecados. **3.** Declarar non culpable a un reo. *Sin. exculpar, redimir.* *Ant. condenar.* // *FAM.* Absolto, absolución, absolutorio.

absorbencia (de *absorber*) *f.* Acción de absorber. **absorbente** (do lat. *absorbente*) *adx.* **1.** Que absorbe ou pode absorber. **2.** Que existe moito tempo e atención.

absorber (do lat. *absorbere*) *v. tr.* **1.** Captar e reter (por un corpo) un líquido ou un gas. **2.** Consumir ou ocupar a un por enteiro. **3.** Aspirar, zugar, chupar. **4.** Incorporar unha entidade a outra. **5. fig.** Atraer, cativar. // *FAM.* Absorbencia, absorbente, absorción, absorto.

absorción (do lat. *absorptiōne*) *f.* **1.** Acción e efecto de absorber. **2. Fonét.** Desaparición dunha vogal ao se incorporar a unha consoante contigua. **3. Fís.** Penetración dun gas ou vapor no seo dun líquido producindo unha disolución. **4. Fís.** Diminución da intensidade dunha radiación ou dun feixe de partículas ao atravesaren un medio.

absorto -a (do lat. *absortu*) *adx.* **1.** Admirado, pasmado. **2.** Completamente entregado a un pensamento, contemplación ou actividade.

abstemio -mia (do lat. *abstemiu*, ‘sobrio, moderado’) *adx. e s.* (Dise de) quen non consome bebidas alcólicas.

abstención (do lat. *abstentiōne*) *f.* **1.** Non participación. **2.** En política, renuncia a exercer o dereito de voto. // *FAM.* Abstencionismo, abstencionista.

abstencionista (de *abstención*) *adx. e s.* Que, ou quen, é partidario do abstencionismo.

abster (do lat. *abstinere*, por *abstēre*) *v. pr.* **1.** Privarse de algo, ao que se renuncia. **2.** Inhibirse, non participar.

absterxente (do lat. *abstergente*, part. pres. de *abstergere*) *adx.* Que serve para limpar, purificar.

abstinencia (do lat. *abstinentia*) *f.* 1. Privación voluntaria de satisfacer os apetitos. 2. Privación de comer carne os días sinalados pola Igrexa católica. • **Síndrome de abstinencia** Conxunto de síntomas producidos ao cesar o consumo de determinadas drogas.

abstinente (do lat. *abstinente*, part. pres. de *abstinere*) *adx.* Que practica a abstinencia.

abstracción (do lat. *abstractione*, 'retirada; abstracción') *f.* 1. Idea sen contacto coa realidade, produto da imaxinación. 2. *Filos.* Operación mental pola que se considera illadamente e na súa esencia unha parte da realidade. 3. Ensiñamento.

abstracto -a (do lat. tard. *abstractu*, 'abstracto, incorpóreo') *adx.* 1. Que se percibe pola intelixencia, separado e considerado á parte das persoas e as cousas, excluindo o concreto. *Ant. concreto.* 2. Dificil de comprender. 3. Que opera mediante abstraccións. 4. Que non representa o real, aínda que se basee na realidade. *Arte abstracta.*

abstraer (do lat. *abstrahere*) *v. tr.* 1. Considerar illadamente algúns obxectos ou calidades. 2. *v. pr.* Concentrarse no propio pensamento, illándose mentalmente do medio. // *FAM.* Abstracción, abstracto.

abstruso -a (do lat. *abstrūsus*, de *abstrudere*, 'agachar') *adx.* Dificil de entender ou de comprender.

absurdo -a (do lat. *absurdus*, 'discordante') *adx.* 1. Que non cadra co sentido ou a razón. *Sin. ilóxico. Ant. lóxico, racional.* 2. *m.* Dito ou feito contrarios á razón. *Sin. despropósito, desatino.* • **Redución ao absurdo** Demostración na que se parte dunha hipótese falsa para chegar a un resultado contradictorio: logo, a hipótese contraria é a verdadeira. // *FAM.* Absurdamente.

***abuchear** *v. tr.* **apupar.**

abulia (do gr. *aboulia*) *f.* Falta ou debilitamento da vontade. *Sin. apatía, desgana, nugalla.*

abúlico -a (do gr. *aboulíkós*) *adx.* Falto de vontade ou enerxía para facer algo. *Sin. apático.*

abullar *v. i.* Manar as augas, sen formar fonte.

***abultar** *v. tr. e i.* **avultar.**

abundancia (do lat. *abundantia*) *f.* 1. Gran cantidade. *Ant. escaseza, insuficiencia.* 2. Riqueza. • **Corno da abundancia** Vaso en forma de corno, cheo de froitas e flores, que simboliza a abundancia.

abundancial (de *abundancia*) *adx.* Que hai abundancia ou gran cantidade de algo.

abundante (do lat. *abundante*) *adx.* 1. Que abunda, copioso, en gran cantidade. *Sin. considerable, cuantioso, importante, pingüe. Ant. escaso; parco.* 2. Con fartura ou abundancia. *Sin. farturoso.*

abundar (do lat. *abundare*) *v. i.* 1. Ter ou haber gran cantidade. 2. Insistir nunha idea con máis argumentos ou razoamentos. // *FAM.* Abundancia, abundancial, abundante, abundantemente.

abur! (do éusc. *agur*) *interx.* Fórmula de despedida. *Sin. adeus!*

aburar (do lat. tard. *burare*) *v. tr.* 1. Abrasar, queimar, consumir pola calor. 2. Causarlle algo dor física a alguén. 3. Importunar, molestar. 4. Meterlle présa a alguén. *Sin. apresurar, apurar.*

aburricular (de *burbulla*) *v. i.* 1. Facer burbullas un líquido. 2. Saír auga á superficie facendo burbullas. ♦ *Sin. agurgullar, burbular, gurgullar.*

aburguesamento (de *aburguesar*) *m.* Feito e resultado de aburguesar ou aburguesarse.

aburrído -a (de *aburrir*) *adx. e s.* 1. Que, ou quen, aburre. 2. (Dise da) persoa que non é quen de se divertir. ♦ *Ant. ameno, divertido, entretido, gracioso.*

aburrimiento (de *aburrir*) *m.* 1. Estado de quen se aburre. *Sin. fastio, tedio. Ant. distracción, diversión.* 2. Cousa que aburre.

aburrir (de *abhorre*, 'terlle aversión a algo') *v. tr. e pr.* 1. Cansar con algo ou cansar de algo. *Sin. aborrecer, anoxar, anfastiar, estoxar. Ant. distraer, divertir, entreter.* 2. *v. pr.* Sentir fastio por non dar coa diversión ou distracción que a un lle apetece. *Ant. distraerse, divertirse, entreterse, espraíarse.* // *FAM.* Aburrído, aburrimiento.

abusar (do lat. *abūsari*) *v. i.* 1. Facer uso excesivo, inxusto ou indebido de alguén ou de algo. 2. Tirar proveito de alguén que non é quen de se defender. 3. Violar a unha persoa. // *FAM.* Abusivamente, abusivo, abuso, abusón.

abusivo -a (do lat. tard. *abusivus*, 'usado con abuso') *adx.* Que constitúe un abuso. *Cf. excesivo.*

abuso (do lat. *abūsus*, 'utilización de algo ata estotalo') *m.* 1. Uso excesivo ou non apropiado dunha cousa. 2. Práctica inxusta ou deshonestas. • **Abuso de confianza** Delito consistente en tirar proveito da confianza depositada nun. **Abuso de poder** Uso desmedido dun poder.

abusón -ona (de *abusar*) *adx. e s.* Que, ou quen, se aproveita ou abusa dos demais.

abxección (do lat. *abjectione*) *f.* Estado no que as calidades dunha persoa caen no nivel máis baixo. Baixeza, envilecemento. // *FAM.* Abxecto.

abxecto -a (do lat. *abjectu*, do verbo *abjicere*, 'rebaixar, envilecer') *adx.* Que é quen de cometer accións indignas. Vil, mesquiño.

acá (do lat. *eccum hac*, 'velaqui') *adv. l.* Indica proximidade ao que fala (con máis imprecisión ca *aquí*), expresando nocións de movemento/reposo. Pódese facer distinción entre *acó* e *acá* indicando co primeiro desprazamento (*vide para acó*) e co segundo, ausencia del (*estamos acá*).

acabado -a (de *acabar*) *adx.* 1. Rematado, consumido, feito. 2. Vello, gastado. 3. *m.* Operación final que remata un traballo. 4. Aspecto definitivo que presenta unha cousa logo de ser construída ou traballada.

acabamento (de *acabar*) *m.* 1. Efecto ou cumprimento de algo. 2. Remate, final. 3. Morte, defunción.

acabar (de *cabo*) *v. tr.* 1. Dar fin. *Sin. concluir, finalizar, rematar, terminar. Ant. comezar, empezar, iniciar, principiar.* 2. Perfeccionar. 3. *v. i.* Chegar á fin. *Sin. terminar.* 4. Morrer. 5. *v. tr. e pr.* Extinguir ou extinguirse. 6. Formando perífrase con *de* máis infinitivo, indica que ocorreu hai pouco tempo. *Acabamos de chegar.* • **Acabáramos!** Aclaración dunha dúbida ou descubrimento de algo. **Cousa de nunca acabar** Que resulta longo de máis. **Non acabar de** Non conseguir.

acachoupar *v. pr.* Agachar o corpo poñéndose tras de algo para ocultarse. *Sin. acazaparse, amoucharse. Cf. onegarse, anicarse, aniñarse, encrequenarse, engruñarse.*

acacia (do lat. *acaacia* < gr. *akakia*) *f.* 1. Arbusto ou árbore de especies e Familias diferentes. A *Robinia pseudoacacia*, oriúnda de América, é unha árbore papilionácea, de casca gretada, ramas espiñentas, flores brancas e froito en baga. Hainas, tamén, da Familia das mimosáceas. Algunhas proporcionan a goma arábica. 2. Madeira destas árbores ou arbustos.

acadar (do lat. *accipere*) *v. tr.* 1. **V. abranguer.** 2. **V. alcanzar.**

academia (do gr. *akademia*, 'xardín de Academo, preto de Atenas, onde ensinaba Platón', polo lat. *academia*) *f.* 1. Establecemento docente para a formación de artistas, militares etc. 2. Sociedade formada por científicos, escritores ou artistas. 3. Sede desta sociedade. // *FAM.* Académico.

academicismo (de *académico*) *m.* 1. Normativa formal dunha academia. 2. *Art.* Suxeición ás normas clásicas ou aceptadas nas academias de arte.

academicista (de *académico*) *adx.* Que segue a tradición ou a normativa dunha academia.

académico -a (do lat. *academicu*) *adx.* 1. Pertencente ou relativo á academia, característico dela. 2. Aplícaselles aos estudos realizados e aos títulos obtidos en centros oficiais de ensino. 3. Dise da obra rexida por criterios clásicos. 4. *s.* Membro dunha academia. // *FAM.* Academicamente, academicismo, academicista.

acadullar (de *cadullo*) *v. tr.* Facer cadullos, arando as cabeceiras dunha terra ao través. *Sin. cadullar.*

acaecer (do lat. **accadiscere* < **accadere*, por *accidere*, 'ocorrer') *v. i.* Suceder, ocorrer, pasar algo.

acaer (do lat. **accadere*) *v. i.* 1. Ser propio, estar apropiado. 2. Cadrar, sentar ben, aproveitar, ser oportuna unha cousa. 3. Caer ben o que se pon no corpo. 4. Resultar agradable unha cousa. ♦ *Sin. aquecer.*

acainzar (de *caínzo* ou *caínza*) *v. tr.* Pasar o caínzo ou canizo por unha terra para achaiala. *Sin. acanizar.*

acalar (de *calar*) *v. tr.* 1. Facer que cesen as voces e os ruídos. *Sin. silenciar.* 2. Sosegar, tranquilizar, facer que acalmen os ánimos.

acalantar (de *acalar*, con influencia de *quentar*, 'dar calor' [?]) *v. tr.* 1. Tranquilizar a un neno cando chora. 2. Consolar ou tranquilizar a alguén.

acalmar (de *calmar*) *v. tr.* 1. Producir unha sensación de calma e de descanso no ánimo dunha persoa. *Sin. acalantar, aplacar, apouvirar, aquietar, pacificar, sosegar, tranquilizar. Ant. aqueloutrar, axitar, caldear, desacougar, desasosegar.* 2. Facer diminuír unha dor, unha paixón etc. *Sin. aliviar, atenuar, mitigar, amansar, aplacar.* 3. *v. i.* Quedar unha persoa tranquila ao sentirse liberada dunha preocupación. *Sin. acougar, aquietar, sosegar(se), tranquilizarse. Ant. desacougar(se), desasosegar(se).* 4. Quedar en calma un fenómeno atmosférico. *Acalmou a tempestade. Sin. quedarse.* ♦ *Sin. calmar.*

acalorado -a (de *acalorar*) *adx.* 1. Que sente moita calor. 2. Excitado ou anoxado.

acaloramento (de *acalorar*) *m.* Acción e efecto de acalorar ou acalorarse. *Sin. excitación.*

acalorar (de *calor*) *v. tr.* 1. Dar ou causar calor. 2. *v. tr. e pr.* Fatigar ou fatigarse cun traballo ou exercicio. 3. Excitar(se), cunha fonda reacción do ánimo. *Sin. acender(se), exaltar(se), excitar(se).* // *FAM.* Acaloradamente, acaloramento.

acamar (de *cama*) *v. tr.* 1. Deitar o vento, a chuvia, a neve etc. as plantas. 2. Meter a alguén na

cama. **3.** Botar e estender herba, palla ou outro material (nomeadamente para os animais) no chan a xeito de cama ou camada. **4.** *v. i.* Deitárense as plantas por mor da neve, da chuva, do vento, dun exceso de medranza etc. **5.** Gardar cama alguén por mor de enfermidade. ♦ *Sin. encamar.*

acampada (de *acampar*) *f.* Acción de instalarse nun campamento ou nun cámping de forma provisional.

acampanado -a (de *campá*) *adx.* Con forma de campá.

acampar (do it. *accampare*) *v. tr.* **1.** Poñer un terreo a prado. **2.** *v. i.* Instalarse no campo. **3.** Establecer un campamento. // *FAM.* Acampada.

acanalador (de *acanalár*) *m.* Ferramenta usada polos carpinteiros para acanalár.

acanalár (de *canal*) *v. tr.* **1.** Facerlle a un obxecto rafiúras ou canles. **2.** Dar forma de canal. // *FAM.* Acanalado, acanalador, acanaladura.

acaneadoiro (de *acanear*) *m.* Aparello (normalmente construído por un asento pendurado dunha rama ou unha barra) para acanearse.

acanear *v. tr.* e *pr.* **V. abalar.** // *FAM.* Acaneadoiro, acaneo.

acaneo *m.* **V. abaneo.**

acanzar (de *canizo* ou *caniza*) *v. tr.* **V. acainzar.**

acantazar (de *canto*^a) *v. tr.* Tirar pedras ou cantos contra alguén ou contra algo.

acantilado -a (de *cantil*) *adx.* **1.** Dise do terreo abrupto, escarpado, penedoso. **2.** *adx.* e *m.* (Dise do) fondo do mar que ten cantís. **3.** (Dise da) ensamblaxe de pezas de madeira. **4.** *m.* Costa rochosa cortada a pico sobre o mar. *Sin. cantil.*

acantilár (de *cantil*) *v. tr.* **1.** Agargalar a madeira de xeito que as partes saíntes dunha peza encaixen nas entrantes doutra. **2.** *v. i.* Embarrancar, encallar o barco nun cantil.

acanto (do gr. *ákanthos*, ‘espiñento, espiñoso; acanto’ [*<* gr. *ákantha*, ‘espiña, espiño’], polo lat. *acanthu*, ‘acanto’) *m.* **1.** Planta herbácea (*Acanthus mollis*), con follas longas, espiñentas e rizadas. **2.** Motivo decorativo (característico do capitel corintio) que imita as follas do acanto. // *FAM.* Acantáceo.

acantoamento (de *acantoar*) *m.* Acción e efecto de acantoar.

acantoar (de *canto*^a) *v. tr.* e *pr.* **1.** Poñer ou poñerse nun recanto. *Sin. acurrunchar(se).* **2.** *v. tr.* Perseguir ou facer ir a alguén ata un lugar do que non poida saír ou escapar. **3.** *v. pr.* Fuxir do trato social, arredarse da xente, buscar a soidade. // *FAM.* Acantoamento.

acantonamento (de *acantonar*) *m.* **1.** Acción e efecto de acantonar. **2.** Sitio en que hai tropas acantonadas.

acantonar (de *cantón*) *v. tr.* Distribuír e aloxar as tropas en diversos lugares. // *FAM.* Acantonamento.

acaparador -ora (de *acaparar*) *adx.* e *s.* Que, ou quen, acapara. *Sin. egoísta. Ant. xeneroso.*

acaparamento (de *acaparar*) *m.* Acción e efecto de acaparar.

acaparar (do fr. *accaparer*) *v. tr.* **1.** Adquirir mercadorías en gran cantidade, para provocar a súa escaseza ou en previsión desta no mercado. **2.** Apoderarse de todo ou da maior parte de algo, sen compartilo cos demais. // *FAM.* Acaparador, acaparamento.

acaramelar (de *caramelo*) *v. tr.* **1.** Converter en caramelo ou bañar de azucre a punto de caramelo. **2.** *v. pr.* Mostrarse doce e agarimoso. // *FAM.* Acaramelado.

acaravillar (de *caravilla*) *v. tr.* **1.** Poñer caravillas ou pechar con estas. **2.** *fig.* Asegurar, amarrar a alguén ou algo.

acarear (de *cara*) *v. tr. Der.* Poñer en presenza os protagonistas ou as testemuñas dun feito, para interrogalos. // *FAM.* Acareo.

acareo (de *acarear*) *m. Der.* Feito de acarear.

acariciador -ora (de *acariciar*) *adx.* Que acaricia. *Sin. acariciante, acarriñador.*

acariciante (de *acariciar*) *adx.* Que acaricia. *Sin. acariciador, acarriñador.*

acariciar (de *caricia*) *v. tr.* e *pr.* **1.** Facer caricias ou cariños; rozando, con suavidade para mostrar amor e tenrura. *Sin. acarriñar, agarimar, aloumiñar.* **2.** *fig.* Esperar que se faga realidade algo desexado. *Sempre acariciou a idea de ser alguén.* // *FAM.* Acariciador, acariciante.

acarriñador -ora (de *acarriñar*) *adx.* Que acarriña. *Sin. acariciador, acariciante.*

acarriñar (de *cariño*) *v. tr.* **1.** Facer cariños ou caricias. *Sin. acariciar, cofar, cofear.* **2.** Tratar con cariño. ♦ *Sin. agarimar, aloumiñar.* **3.** *v. pr.* Tocar con suavidade para mostrar tenrura. **4.** Collerlle cariño a alguén ou a algo. // *FAM.* Acariñador.

ácaro (do gr. *ákari*, ‘pequeno insecto’, polo lat. *acāru*) *m.* **1.** Arácnido de corpo globoso, co cefalotórax unido ao abdome e aparato bucal adaptado para picar ou chupar. A súa respiración é traqueal ou cutánea. **2.** *m. pl.* Orde destes animais, que comprende especies parasitas, como as carrachas ou o arador da sarna.

acaso (do lat. *a casu*, ‘por azar, accidentalmente’) *m.* **1.** Casualidade, azar. **2.** Suceso casual,

imprevisto. **3.** *adv. d.* Quizais, talvez, se cadra. **4.** *adv. m.* Por casualidade. • **Por acaso** Por casualidade. **Por se acaso** *loc. adv.* Por se chega a ocorrer. **Se acaso** En todo caso.

***acarrear** *v. tr.* **carrexar.**

acartonar (de *cartón*) *v. tr.* e *pr.* **1.** Poñer ou poñerse coma o cartón. **2.** *v. pr.* Poñerse unha persoa fraca e seca.

acaso (do lat. *a casu*, ‘por azar, accidentalmente’) *m.* **1.** Casualidade, azar. **2.** Suceso casual, imprevisto. **3.** *adv. d.* Quizais, talvez, se cadra. **4.** *adv. m.* Por casualidade.

acastañado -a (de *castaño*) *adx.* Da cor da castaña ou que tira a ela.

acatamento (de *acatar*) *m.* Feito e resultado de acatar. *Sin. obediencia, sometemento. Ant. desacato.*

acatar (de *a-2* + *catar*, ‘tratar de ver’) *v. tr.* **1.** Aceptar, obedecer. **2.** Someterse a unha doutrina, a unha autoridade, a unha lei, a unha orde. **3.** Mostrar submisión ou respecto. **4.** Recoñecer a autoridade de alguén. ♦ *Ant. desacatar.* // *FAM.* Acatamento.

acatarrar (de *catarro*) *v. tr.* e *pr.* Ocasionar ou contraer un catarro.

***acaudalado -a** *adx. adifeirado.*

acaudillar (de *caudillo*) *v. tr.* **1.** Mandar xente armada como caudillo. **2.** Dirixir, guiar, conducir, capitanear un grupo.

acazapar (de *cazapó*) *v. pr.* **V. achoupar.**

acceder (do lat. *accedere*, ‘achegarse’ ou ‘sumarse, adherirse’) *v. i.* **1.** Consentir, estar conforme, concederlle a outro o que solicita ou quere. **2.** Ter acceso, chegar a un lugar, a unha posición, a un cargo. // *FAM.* Accesibilidade, accesíbel, accesible, acesión, accésit, acceso.

accesíbel ou **accesible** (do lat. *accessibile*, ‘practicable’ ou ‘intelixible’) *adx.* **1.** Dise de algo ao que un pode acceder, chegar. **2.** Que é doado de comprender. *Sin. intelixible.* **3.** Dise da persoa de trato fácil. *Sin. afable, sociable.* **4.** Que entra dentro das posibilidades económicas. ♦ *Ant. inaccesible.*

accesibilidade (de *accesible*) *f.* Calidade de accesible.

accésit (do lat. *accessit*, perfecto de *accedere*, ‘achegarse’) *m.* En concursos ou certames, recompensa inmediatamente inferior ao premio.

acceso (do lat. *accessu*, ‘chegada, aproximación’ ou ‘ataque de doenza’) *m.* **1.** Acción de acceder ou chegar. **2.** Posibilidade de chegar ou entrar. **3.** Entrada, lugar ou camiño por onde se accede a un sitio. **4.** *fig.* Posibilidade de obter algo ou achegarse a alguén. **5.** Arrebato ou exaltación.

6. Medic. Ataque das febres ou outros trastornos. // *FAM.* Accesorio.

accesorio -ria (de *acceso*) *adx.* **1.** Que depende do principal ou se une a este. **2.** Secundario, non esencial. ♦ *Ant. esencial, fundamental, principal.* **3.** *m.* Peza que serve para completar o funcionamento dunha máquina ou outro instrumento. **4.** Cousa, obxecto ou utensilio que se adoita usar ao realizar un mester, e que o facilita. *Accesorios de escribir. OBS.* Adóitase utilizar en plural.

accidentado -a (de *accidente*) *adx.* **1.** Con, ou cheo de, accidentes, incidentes, contratempos, imprevistos, dificultades, contrariedades. *Unha viaxe accidentada. Vacacións accidentadas.* **2.** Cheo de discordias, desavinzas, disharmonías, dificultades, situacións axitadas e conflitivas. *Infancia accidentada. Vida accidentada. Matrimonio accidentado. Sin. tumultuoso.* **3.** Dise do terreo ou orografía que ten gran número de elevacións e depresións, que presenta unha superficie non uniforme, desigual e irregular. *Baixade mellor por aquí, porque a outra cara do monte é máis accidentada ca esta.* **4.** *adx.* e *s.* (Dise da) vítima dun accidente.

accidental (de *accidente*) *adx.* **1.** Non esencial, secundario. **2.** Continxente, casual, fortuíto. **3.** Dise do cargo ocupado por alguén provisionalmente. *Alcalde accidental.*

accidentar (de *accidente*) *v. pr.* Sufrir un accidente.

accidente (do lat. *accidente*, ‘caso fortuíto’ ou ‘desgraza’) *m.* **1.** Calidade ou estado que non é esencial en alguén ou algo. **2.** Suceso imprevisto que altera o curso das cousas, especialmente se produce danos; contratempo, desgraza. **3.** Indisposición repentina, ataque, desmaio. **4.** O que altera a uniformidade do terreo: elevacións, depresións, entrantes etc. *Accidentes xeográficos.* **5.** *Gram.* Modificación que sofren as palabras variables. *Accidentes gramaticais: xénero, número, modo, tempo e persoa.* // *FAM.* Accidentado, accidental, accidentarse.

acción (do lat. *actiōne*) *f.* **1.** Exercicio da facultade de obrar. *Sin. acto, feito, obra.* **2.** Efecto que produce unha cousa noutras. *Acción da calor.* **3.** Significado substantivo de calquera verbo predicativo. *Aceleración é a acción de acelerar.* **4.** Batalla, combate, loita. **5.** Trama ou argumento dunha obra literaria, cinematográfica etc. **6.** Cada parte indivisible do capital dunha sociedade mercantil e o título que a representa. • **Acción de grazas** Expresión de gratitude por un favor recibido. **Principio de acción**